Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 (1249/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e dous minutos do día catorce de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(591).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 08 de xullo 2022. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde–presidente.

**2(592).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS. EXPTE. 18895/101.**
Visto o informe xurídico do 07/07/2022 e o informe de fiscalización do 11/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/07/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**Antecedentes**

En cumprimento do estabelecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 26 de xaneiro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo.

En consonancia co artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación e sinala entre outras as seguintes:

a) Representar ao Concello

b) Dirixir a política, o goberno e a administración municipal.

c) Establecer directrices xerais de acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización das recepcións oficiais que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.
O normal desenvolvemento destas atribucións de carácter protocolario implican a necesidade de contratación de servizos de catering para recepcións en actos e eventos institucionais. A Concellería de Xestión Municipal, e en concreto a Alcaldía encargase da organización de recepcións e eventos de carácter institucional en representación do Concello de Vigo ao longo de todo o ano.
O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do servizo de catering para as recepcións institucionais nos eventos ou actos oficiais realizados en representación do Concello de Vigo.

Neste contrato inclúense todos os servizos, materiais, persoal mínimo e transporte necesario para a realización das seguintes tipoloxías de eventos:

a) Servizo de catering para almorzo ou "coffe break".

b) Servizo de catering para cafés, infusións para roldas de prensa.

c) Servizo de catering para aperitivo ou coctel (con doce).

d) Servizo de catering para vino español.

e) Servizo de catering buffete para recepción (xantar ou cea).

f) Bolsa "brunch" para eventos informais fora de instalacións municipais: 1.200

g) Servizo de aguas embotellada para actos, eventos e reunións de 500 ml.:

Concello de Vigo

**<u>No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:</u>**

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 26 de xaneiro de 2022.

- Declaración de neutralidade da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 7 de xuño de 2022.

- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía con data 4 de xullo de 2022.

- Memoria económica asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía , coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 7 de xuño de 2022.

- Memoria xustificativa que conten os elementos básicos do contrato, asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 4 de xullo de 2022.

- Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 6 de xullo de 2022.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

**<u>Normativa de aplicación.</u>**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**Obxecto e natureza do contrato**

O servizo de catering para as recepcións institucionais nos eventos ou actos oficiais organizados polo Concello de Vigo. Incluirá todos os servizos e subministro de materiais inherentes ao concepto de catering para cada unha das tipoloxías: produtos, preparación dos produtos, transporte, entrega, montaxe, desmonte e recollida, todos os materiais de manaxe e vaixela necesarios, incluídos aparatos para manter a comida quente, ademais do mobiliario necesario (mesas de apoio, mesas redondas, cadeiras), roupa de mesa, servizo de camareiros/as uniformados, e calquera outro material necesario.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

**Lotes**

En cumprimento do estabelecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, determínase a realización por lotes das diversas tipoloxías de servizos, sendo o número de lotes SETE:

1) Servizo de catering para almorzo ou "coffe break" (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento). **LOTE 1**

2) Servizo de catering para cafés, infusións para roldas de prensa. **LOTE 2**

3) Servizo de catering para aperitivo ou coctel (con doce). **LOTE 3**

4) Servizo de catering para vino español. **LOTE 4**

5) Servizo de catering para xantar ou cea. **LOTE 5**

6) Bolsa "brunch" ou almorzos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais. **LOTE 6**

7) Subministro de augas embotellada para actos, eventos e reunións de 500 ml. **LOTE 7**

**Procedemento de adxudicación e forma de tramitación**

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto de servizos mais subministro segundo necesidades de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 18 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sendo a porcentaxe de servizos o 97,61% do contrato e a porcentaxe de subministro 2,39% do importe do contrato.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos

131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

A presente contratación encádrase no Anexo IV da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

**Prazo de execución**

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de agosto de 2022 ata o 31 de xullo de 2023, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

**Prezo do contrato e xustificación**

A determinación do prezo, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o estabelecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

**Orzamento base de licitación**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial.

O orzamento máximo de licitación é de **110.149,68 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de ive **10.013,61 €**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial. Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo nos anos 2018, 2019 e 2021 (non se tivo en conta o ano 2020, xa que a causa da crise do Covid non celebráronse eventos), o custo que este tipo de servizos ten no seu sector profesional, así como a referencia de prezos que as empresas deste ámbito están a ofrecer.

**Orzamento base de licitación total do contrato:**

**Prezo con ive: 110.149,68 €**

**Prezo sen ive: 100.136,07 €**

**Importe 10% ive: 10.013,61 €**

**Orzamento base de licitación por LOTES os seguintes:**

**LOTE 1:**

Prezo con ive: **10.540,64** €

Prezo sen ive: **9.582,40** €

Importe 10% ive: **958,24** €

**LOTE 2:**

Prezo con ive: **13.175,80 €**

Prezo sen ive: **11.978,00 €**

Importe 10% ive: **1.197,80€**

**LOTE 3:**

Prezo con ive: **13.175,80 €**

Prezo sen ive: **11.978,00 €**

Importe 10% ive: **1.197,80 €**

**LOTE 4:**

Prezo con ive: **18.446,12 €**

Prezo sen ive: **16.769,20 €**

Importe 10% ive: **1.676,92 €**

**LOTE 5:**

Prezo con ive: **39.527,40 €**

Prezo sen ive: **35.934,00 €**

Importe 10% ive: **3.593,40 €**

**LOTE 6:**

Prezo con ive: **12.648,76 €**

Prezo sen ive: **11.498,88 €**

Importe 10% ive: **1.149,88 €**

**LOTE 7:**

Prezo con ive: **2.635,16 €**

Prezo sen ive: **2.395,60 €**

**Valor estimado do contrato**

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

De acordo co anterior, o valor estimado total do contrato ascende a **400.544,29 euros.** (anualidade máis tres anos de prorroga).

Sendo o valor estimado por lotes os seguintes:

LOTE 1: 38.329,60 €

LOTE 2: 47.912,00 €

LOTE 3: 47.912,00 €

LOTE 4: 67.076,80 €

LOTE 5: 143.736,00 €

LOTE 6: 45.995,52 €

LOTE 7: 9.582,40 €

**Prezo do contrato**

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o ive.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

**2.4.- Anualidades**

Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte:

LOTE 1

Ano 2022: 4.391,93 €

Ano 2023: 6.148,71 €

LOTE 2

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 3

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 4

Ano 2022: 7.685,88 €

Ano 2023: 10.760,24 €

LOTE 5

ano 2022: 23.057,65 €

Ano 2023: 16.469,75 €

LOTE 6

Ano 2022: 7.378,44 €

Ano 2023: 5.270,32 €

LOTE 7

Ano 2022: 1.097,98 €

Ano 2023: 1.537,18 €

<u>1º Prorroga: do 1 de agosto de 2023 ao 30 de xullo de 2024.</u>

LOTE 1

Ano 2022: 4.391,93 €

Ano 2023: 6.148,71 €

LOTE 2

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 3

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 4

Ano 2022: 7.685,88 €

Ano 2023: 10.760,24 €

LOTE 5

ano 2022: 23.057,65 €

Ano 2023: 16.469,75 €

LOTE 6

Ano 2022: 7.378,44 €

Ano 2023: 5.270,32 €

LOTE 7

Ano 2022: 1.097,98 €

Ano 2023: 1.537,18 €

<u>2º Prorroga: do 1 de agosto de 2024 ao 30 de xullo de 2025.</u>

LOTE 1

Ano 2022: 4.391,93 €

Ano 2023: 6.148,71 €

LOTE 2

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 3

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 4

Ano 2022: 7.685,88 €

Ano 2023: 10.760,24 €

LOTE 5

ano 2022: 23.057,65 €

Ano 2023: 16.469,75 €

LOTE 6

Ano 2022: 7.378,44 €

Ano 2023: 5.270,32 €

LOTE 7

Ano 2022: 1.097,98 €

Ano 2023: 1.537,18 €

3 º Prorroga: do 1 de agosto de 2025 ao 30 de xullo de 2026.

LOTE 1

Ano 2022: 4.391,93 €

Ano 2023: 6.148,71 €

LOTE 2

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 3

Ano 2022: 5.489,92 €

Ano 2023: 7.685,88 €

LOTE 4

Ano 2022: 7.685,88 €

Ano 2023: 10.760,24 €

LOTE 5

ano 2022: 23.057,65 €

Ano 2023: 16.469,75 €

LOTE 6

Ano 2022: 7.378,44 €

Ano 2023: 5.270,32 €

LOTE 7

Ano 2022: 1.097,98 €

Ano 2023: 1.537,18 €

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

**Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril**

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía correspondente ou a sua bolsa de vinculación.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no "Plan anual de contratación" para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 4 de xullo de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 6 de xullo de 2122, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .-** Autorizar un gasto polo importe da licitación 110.149,68 € (co ive incluído) sendo o importe do 10% de ive 10.013,61 €.

Sendo a única anualidade do 1 de agosto de 2022 ao 30 de xullo de 2023 cos seguintes importes por lote:

LOTE 1 Ano 2022: 4.391,93 € / Ano 2023: 6.148,71 €; LOTE 2 Ano 2022: 5.489,92 € / Ano 2023: 7.685,88 €; LOTE 3 Ano 2022: 5.489,92 € / Ano 2023: 7.685,88 €; LOTE 4 Ano 2022: 7.685,88 € / Ano 2023: 10.760,24 €; LOTE 5 ano 2022: 23.057,65 € / Ano 2023: 16.469,75 €; LOTE 6 Ano 2022: 7.378,44 € /Ano 2023: 5.270,32 € ; LOTE 7 Ano 2022: 1.097,98 € / Ano 2023: 1.537,18 €

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos de Alcaldía ou a sua bolsa de vinculación.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(593).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ORNAMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS FIGURATIVOS LUMÍNICOS DO NADAL. 3 LOTES. EXPTE. 8586/106.**

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos de data 11/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- Mediante resolución de data 04/04/2022 o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto a subministración e a prestación do servizo para a ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal durante as Campañas do Nadal 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:
- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade** asinado polo xefe do Servizo de Comercio en data 01/04/2022 e polo concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 04/04/2022.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** de data 04/04/2022 asinada polo concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais.

- **Documentos económicos de retención de crédito** de data 8/04/2022 (operacións nº 202200036201, 202200036202 e 202200036203-RC- e 202200036204-RCFUT1-) asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención con data 09/04/2022.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** (artigo 116.3 LCSP), de data 10/05/2022 coa conformidade dos arquitectos municipais de data 07/07/2022.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de 10/05/2022.
- **Memoria económica** asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en data 08/04/2022 e emenda desta a requirimento da Asesoría Xurídica asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais con data 07/07/2022.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo xefe de Servizo de Comercio E polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 08/07/2022, coas emendas requiridas pola dilixencia da Asesoría Xurídica.
- **Informe da xefa do Servizo de Contratación** de data 07/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación da subministración e a prestación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, de data 08/07/2022 coa emenda solicitada pola Asesoría Xurídica (modelo de proposición e concordancia cos criterios).

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especias mediante resolución de data 04/04/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, se tramita como un contrato mixto, de servizos e subministro. Así, tendendo ao volume das actuacións definidas anteriormente, debe considerarse que os servizos e o traballo do proceso decorativo, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos

elementos decorativos instalados, ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun **39,14 %** do custe, mentres que os procesos derivados da subministración en réxime de alugueiro dos diversos elementos decorativos estímase nun **60,86 %** do custe total do contrato.

**Terceiro.-** O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada toda vez que o seu valor estimado supera os 221.000 euros (artigo 22 da LCSP).

**Cuarto.-** O expediente refírese á totalidade do obxeto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Quinto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Sexto.-** Na memoria xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sétimo.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional tercera da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para **contratar por procedemento aberto a subministración e a prestación do servizo para a ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal durante as Campañas do Nadal 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025**, desde

o 1 de novembro do primeiro ano da Campaña do Nadal correspondente ata o 20 de xaneiro do ano seguinte.

**SEGUNDO.-** Aprobar o proxecto decorativo como prego de prescricións técnicas así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 08/07/2022.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto de 1.875.802,50 €, que inclúe un IVE de 325.552,50 € , desde o 1 de novembro de 2022 ata o 25 de xaneiro de 2025, o cal se imputará a partida 4310 2279901 "Programa de decoración y animación Nadal" tal e como se desglosa a continuación:

| Ano | Período | Importe |
|---|---|---|
| 2022 | 1 de novembro de 2022 ata 31 de decembro de 2022 | 500.214,00 € |
| 2023 | 1 de xaneiro de 2023 ata 31 de decembro de 2023 | 625.267,50 € |
| 2024 | 1 de xaneiro de 2024 ata 31 de decembro de 2024 | 625.267,50 € |
| 2025 | 1 de xaneiro de 2025 ata o 20 de xaneiro de 2025 | 125.053,50 € |

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(594).- PROGRAMACIÓN FESTAS DO NADAL 2022-2023. EXPTE. 8699/106.**

Visto o informe xurídico do 11/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 06/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

A Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través das competencias de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos e sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuíndo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

Na actual crise económica e sanitaria derivada da pandemia COVID-19 e agravada esta pola crise económica internacional que estamos a vivir a consecuencia da invasión militar rusa en Ucrania, conflito armado este que está provocando unha elevada inflación derivada da escalada de prezos dos combustibles (gas, electricidade, gasóleo...), desabastecemento de materias primas e produtos importados de consumo (cereal, aceite de xirasol...); atopámonos nun escenario de recesión económica sen precedentes cunha caída fulminante do PIB e da facturación a consecuencia da diminución do poder adquisitivo, unido ao descenso do consumo pola incertidume e medo do consumidor que afecta notablemente ao sector industrial, servizos, transporte, hostalería e comercio.

Ante o citado cadro económico e social adquire maior importancia a necesidade de continuar con programas municipais de recuperación paulatina que aporten novos recursos e solución creativas de reactivación da economía local, sendo en particular a vindeira Festividade de Nadal unha boa oportunidade cara a reversión desta situación, como así se ben constatando cas cifras do retorno e impacto económico deste evento nos últimos anos, convertíndoo nun dos referentes festivos máis importantes do ano en Vigo e de recoñecida tradición na cidade e de prestixio nacional e internacional.

Ca creación de espazos temáticos de Nadal ambientados con iluminación decorativa, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comerciais constitúe un piar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

A tal fin, e durante a pasada campaña outorgouse autorización administrativa para a xestión e aproveitamento dos seguintes emprazamentos con atraccións recreativas e outras actividades, polo período máximo comprendido entre o 21 de outubro de 31 de xaneiro:

- *Expte 7815/106: Cíes Market": mercadillo temático de Nadal e atraccións recreativas*

*Desenvolveráse na contorna da Praza de Compostela, rúa Areal e rúa Colón e comprenderá as instalacións portátiles desmontables para actividades recreativas e de venda ambulante ocasional seguintes:*

** Casetas de venda ambulante de artesanía, productos de nadal e servizos de restauracion e hostelería.*

** Nora xigante.*

** Atraccións recreativas infantís.*

** Iluminación e decoración de Nadal.*

** Tren turístico.*

** Servizos hixiénicos sanitarios, limpeza, mantemento, seguridade, megafonía.*

- <u>Expte 7897/106 Outros espazos e actividades</u>:

| Mercados temáticos de Nadal | | **Lote nº** | **Lugar** | **Adxudicatario** |
|---|---|---|---|---|
| | | 1 | Urzaiz, peonil do Calvario | Asoc. Comerciantes do Calvario |
| Atraccions recreativas | Carrusel clásico | 2 | Porta do Sol | Europlicadeco SL |
| | Varias | 5 | R. Castro, nº 6-18 | Agrupación de Empresarios CAM |
| | Pista de xeo | 6 | Samil | Rafael García Sirvent |
| | Pista de karts | 7 | Samil | Jose A. Pena Torres |
| | Parque inflables | 15 | Coia | Aunar Group |
| | Tren turístico-1 | 16 | Percorrido centro | Segmento Divertido |
| | Tren turístico-2 | 17 | Percorrido Travesas. | Segmento Divertido |
| Espectáculos | Circo de nadal | 15-bis | Coia | Culturinvest SL |

Declarándose desertas na instrución do citado expediente os seguintes emprazamentos por falta de oferta ou ofertas inadecuadas:

| | **Lote nº** | **Lugar** |
|---|---|---|
| Atraccións recreativas | 3 | Praza Independencia |
| | 4 | Praza do Progreso |
| | 8 | Explanada do Náutico |
| | 9 | Toural-Teis |
| | 10 | Bouzas- Alameda s. Llanos |
| | 11 | Travesas- Praza Orencio Pérez |
| | 12 | Praza do Berbés |
| | 13 | Praza de Portugal |

| | | |
|---|---|---|
| | 14 | Praza Eliptica |

Conforme ao establecido na cláusua 5.2 do PCAP dos devanditos contratos "*poderáse prorrogar o contrato por mutuo acordo polo período máximo de 4 anos. O período de Nadal, no caso de prórroga, terá unha duración similar ao primeiro período da licenza. As prórrogas deberán ser solicitadas polo adxudicatario antes do 15 de febreiro das sucesivas anualidades, achegando o anteproxecto técnico das instalacións e coa autorización polo Concello de Vigo mediante resolución do órgano competente*"**.**

Polo anteriormente exposto, e co fin de realizar unha axeitada planificación do servizo e facilitar a transparencia, así como acadar unha maior representatividade, colaboración e participación cidadá en determinados proxectos, a aprobación do Programa de actuación da Festa de Nadal 2022-2023, considérase conveniente realizar a seguinte proposta:

***PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte programación de nadal 2022-2023, que se desenvolverá entre novembro 2022 e xaneiro 2023:***

***1.- Mercado de Nadal "Cíes Market":***

*A desenvolver nos espazos abertos ao público da contorna da Praza de Compostela, rúa Areal e rúa Colón con instalacións portátiles desmontables e atraccións recreativas seguintes:*

** Casetas de venda ambulante de artesanía, productos de nadal e servizos de restauracion e hostelería.*

** Nora xigante.*

** Rampa de xeo ou montaña de raíl con vagóns deslizantes.*

** Tren turístico*

** Atraccións recreativas mecánicas.*

** Iluminación e decoración de Nadal.*

** Servizos hixiénicos sanitarios, limpeza, mantemento, seguridade, megafonía, etc.*

*A tal fin, e conforme ao solicitado polo adxudicatario en prazo, atópase actualmente en fase e instrución o expediente de prórroga do contrato de ocupación (8729/106).*

***2.- Mercado de Nadal do Calvario:***

*O mercado localizarase e desenvolverase na contorna peonil da rúa Urzaiz no Calvario e comprenderá a instalación de elementos portátiles, desmontables na vía publica, para actividades recreativas, venda ambulante e restauración ocasional seguintes:*

** Casetas de venda ambulante artesanía, productos de nadal e servizos de restauración.*

** Iluminación, decoración e ornamentación.*

** Atraccións e actividades recreativas de animación infantil.*

**Servizos hixiénicos sanitarios, limpeza, mantemento, seguridade.*

A tal fin, e conforme ao solicitado polo adxudicatario en prazo, atópase actualmente en fase e instrución o expediente de prórroga do contrato de ocupación (8725/106).

## ***3.-Espazos con atraccións recreativas e espectáculos***

| | | **lote** | **Lugar** |
|---|---|---|---|
| *Atraccións recreativas* | *Carrusel clásico* | *2* | *Porta do Sol* |
| | *Varias* | *5* | *R. Castro, nº 6-18* |
| | *Pista de xeo* | *6* | *Aparcadoiro de Samil* |
| | *Pista de karts* | *7* | *Aparcadoiro de Samil* |
| | *Parque inflables* | *15* | *Pista polideportiva Praza Mestre Prudencio Rodríguez, Coia* |
| | *Tren turístico-1* | *16* | *Percorrido zona Centro.* |
| | *Tren turístico-2* | *17* | *Percorrido zona Travesas.* |
| *Espectáculos* | *Circo de Nadal Exposición* | *15-bis* | *Praza Mestre Prudencio Rodríguez, Coia* |

A tal fin, e conforme ao solicitado en prazo polos citado adxudicatarios, atópanse actualmente en fase e instrucción os expediente de prórroga dos devanditos contrato de ocupación demanial: 8721/106; 8722/106; 8723/106; 8724/106; 8726/106; 8727/106; 8728/106; 8729/106 ).

## ***4.- Novos espazos ao aire libre con actividades recreativas***

*Abertos ao público con instalacións portátiles ou desmontables, adicados á incorporación de novos proxectos de actividades recreativas ocasionais de carácter innovador coa temática de Nadal (espectáculos de inverno, atraccións 3D, parques temáticos, obradoiros infantís, atraccións acuáticas, etc.).*

*O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.*

*4.1 Espazos con atraccións recreativas de ocio infantil:*

*Destinados a ofrecer espacios de xogo e entretenemento con atraccións recreativas e actividades, ambientadas con ornamentación de Nadal, deseñados específicamente para público de edad igual ou inferior a 12 años:*

*–Praza da Independencia.*

*–Praza do Progreso.*

*□□□ Espazos con atraccións e actividades recreativas de ocio familiar:*

*Destinados a ofrecer espacios de xogo e entretenemento con atraccións e actividades recreativas preferiblemente de inverno, ambientadas con ornamentación de nadal, aptas para todos os públicos:*

*–Teis: Praza do mercado (Toural de Abaixo) e/ou rúa Irmáns Misioneros.*

*–Bouzas: Praza de Eduardo Cabello e/ou Alameda Suárez Llanos.*

*–Praza do Berbés.*

*–Navia: espazos interiores da rúa Teixugueiras.*

*–Explanada do Náutico.*

*4.3 Espazos con espectáculos, exposicións e actividades recreativas culturais e entretenemento de ocio familiar.*

*Destinado a ofrecer ao público familiar tempo de recreo, entretenemento u ocio en espazos abertos ao público habilitados legalmente para isto, de carácter non permanentes, cubertos total o parcialmente con instalacions fixas portátiles ou desmontables, ambientados con iluminación e ornamentación de Nadal.*

*Preferiblemente adicadas a exposicións temporais con coleccións de xogos familiares que estimulen o pensamento congnitivo e capacidade estratéxica, biosaludables, realidade virtual; actividades propias de inverno (pista de patinaxe sobre xeo sintético, esquí, neve artificial, etc); sen contido espacial con atraccións recreativas eléctricas, mecánicas ou neumáticas, e con actividade complementaria de restauración e venda ocasional de churros-chocolatería, bebidas, golosinas e productos secos en casetas de madeira:*

*–Praza de Portugal.*

***5.- Outros espectáculos culturais e actividades de animación sociocultural***

*Destinados a ofrecer actividades e espectáculos de ocio e entretenemento en establecementos cerrados abertos ao público; así como actividades de dinamización polas zonas comerciais da cidade, promovidos polo Concello ou por otras entidades, ou mediante o seu patrocinios.*

***Segundo.-*** *Cada procedemento desenvolverá as condicións técnicas e administrativas a través dos pregos correspondentes para a licitación conxunta ou individual. Todos os procedementos contemplados neste programa de actuación publicaranse no BOP, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo, tras a súa aprobación por parte do órgano competente.*

***Terceiro.-*** *Publicar o presente acordo no Portal de transparencia*

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(595).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE BASE DE DATOS DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE EMPREGO. EXPTE. 18962/77.**
Dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento do sistema de base de datos de persoas usuarias do Servizo de Emprego (18.962-77).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 9 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, do servizo de mantemento do sistema de base de datos de persoas usuarias do Servizo de Emprego (18.962-77), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 16 de xuño de 2022, rematando o prazo de presentación de ofertas o 1 de xullo do 2022.

**Terceiro.-** Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 5 de xullo de 2022, non se presentou ningunha proposición.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** Aberta a licitación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento do sistema de base de datos de persoas usuarias do Servizo de Emprego non se presentou ningunha proposición, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 5 de xullo de 2022, polo que cómpre declarar deserta esta licitación.

**Segundo.-** A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"1º.-Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento do sistema de base de datos de persoas usuarias do Servizo de Emprego (18.962-77) por non terse presentado ningunha proposición.*
>
> *2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".*

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(596).- PROPOSTA DE ADXUDICACION DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1). EXPTE. 18923/101.**
Visto o informe de fiscalización do 11/07/2022, dáse conta da proposta formulada pola Mesa de Contratación na reunión de data 08/07/2022:

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) (Lote 1)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) (Lote 1)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 21 de febreiro de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 25 de abril de 2122, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*
*Segundo .- Autorizar un gasto por importe de 14.493,38 € ive engadido, sendo o importe correspondente ao 10% de ive 1.317,58 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022, e de acordo ás seguintes anualidades:*

- *Primeira e única anualidade: do 1 de xuño de 2022 ao 31 de maio de 2023*
  *Ano 2022: 8.454,47 €*
  *Ano 2023: 6.038,91 €*
- *1º Prorroga: do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024.*
  *Ano 2023: 8.454,47 €*
  *Ano 2024: 6.038,91 €*
- *2º Prorroga: do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025.*
  *Ano 2024: 8.454,47 €*
  *Ano 2025: 6.038,91 €*
- *3º Prorroga: do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026.*
  *Ano 2025: 8.454,47 €*
  *Ano 2026: 6.038,91 €*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*

- *Sesión do 2 de xuño de 2022 polo que se acorda non admitir a D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP ("A documentación presentarase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").*
- *Sesión do 8 de xuño de 2022 polo que se acorda non admitir a Dª. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.*
- *Sesión do 16 de xuño de 2022 pola que se acorda excluír a Dª. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE dos lotes 2, 3 e 4 por apartarse do modelo de proposición (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) ao incorporar uns anexos que entran en contradición cos prezos ofertados, por apartarase do PPT nos lotes 2 e 4 e por introducir prezos condicionados ("a concretar") que poden exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (lote 3) (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2C do PCAP).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no lote 1 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1 " Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais"*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *BÁRBARA FIGUEROA CARIDE* | *95 puntos* |

*Terceiro.- Requirir á licitadora clasificada en primeiro lugar, BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (**.*66.65*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

*Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula* 24 *do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (lote 1), o día 16 de xuño de 2022 que presenta a documentación requirida o día 29 de xuño de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 8 de xullo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, BÁRBARA FIGUEROA CARIDE, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga de seis meses de duración do vixente contrato do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441), formalizado coa entidade mercantil TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. polo periodo comprendido dende o 25/09/22 ao 24/03/23.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1087-441) a favor da entidade mercantil TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (C.I.F. B46001897) por importe de VINTE E SEIS MIL CENTO SEIS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (26.106,96 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (4.530,96 €) ; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 25/09/2022 e o 31/12/2022: **13.923,71 €**

- **Ano 2023:** período comprendido entre o 01/01/2023 e o 24/03/2023: **12.183,25 €**

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(600).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO. EXPTE. 8568/224.**

Visto o informe xurídico do 30/06/2022 e o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira delegada de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade "Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L" con CIF-B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo por un prezo total do contrato de 27.764,50 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.818,63 €.
En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *"…/ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle*

*notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato…"*

Co obxecto de propoñer a aprobación da cuarta prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha cuarta prórroga do contrato.

A teor do exposto,  cómpre pois, propoñer a aprobación dunha cuarta prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2022 ao 8 de novembro de 2023 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 27.764,50 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *"plan municipal de igualdade*"  2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2023 da concellería de igualdade, desglosado do seguinte xeito:
- período comprendido entre o 9 de novembro de 2022 ao 31 de decembro de 2022: 1.850,86 € (22 días de novembro x 84,13 € prezo/día) + 2.524,04 € (mensualidade decembro) = **4.374,90 €** con cargo á partida  2311 2279906 *"plan municipal de igualdade"* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.
- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 8 de novembro de 2023 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades + 8 días de novembro= **23.389,60 €** con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida 2311 2279906  *"plan municipal de igualdade"* da Concellería de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2022 ao 8 de novembro de 2023, ambos incluídos, coa entidade "Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L" con CIF B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 27.764,50 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 4.374,90 € con cargo á partida  2311 2279906 *"plan municipal de igualdade"* do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 23.389,60 € con cargo á dispoñibilida-

de de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida 2311 2279906 *“plan municipal de igualdade”* da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(601).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE E LIMPEZA DE BIOMASA VEXETAL EN FINCAS CON RISCO DE LUME. EXPTE. 49939/446.**
Visto o informe xurídico do 08/07/2022 e o informe de fiscalización do 12/07/2022, dáse conta do informe proposta de data 11/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo concelleiro delegado da área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 6 de xullo de 2022, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emitiu o seguinte informe proposta:

*“I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 19 de febreiro de 2021, acordou adxudicar á entidade mercantil EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36574200) o contrato de servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12747/446).*

*II.- Segundo a Cláusula 4 do contrato, o prazo do contrato será de 16 meses, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo. A execución do contrato iniciouse con data 19 de marzo de 2021, polo que, o prazo remata o vindeiro 19 de xullo de 2022.*

*III.- Con data 1 de xullo de 2022, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a proposta do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato maio de servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio.*

***FUNDAMENTOS DE DEREITO***

*O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre*

*que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.*

*O artigo 29 da citada norma, no seu apartado 4 sinala que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.*

*Na cláusula 4 do contrato disponse que o prazo do contrato será de 16 meses, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, polo que o prao remata o vindeiro 19 de xullo de 2022.*

*Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.*

*Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.*

*A entidade mercantil, Excavaciones y Desbroces Rocha, S.L., presentou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en data 30 de xuño de 2022, un escrito solicitando a prórroga do contrato (cod. Solicitude W724993-376), no que acepta expresamente a prórroga do contrato por un ano máis.*

*Na actualidade, o servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares, en canto aos labores de limpeza de fincas con risco de incendio e de tala das árbores consideradas pirófitas na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

*Os traballos a levar a cabo durante a prestación do servizo consisten basicamente en:*

*1.- Corta das árbores pirófitas, principalmente Acacia, Piñeiro Común e Eucalipto, tanto en superficies horizontais como en pendente ou en zonas de especial risco.*

*Previamente á tala deberá procederse á protección axeitada, limpeza e acondicionamento das árbores de especies autóctonas protexidas e a conservar.*

*A corta das árbores aplicarase a aqueles exemplares cun diámetro superior á 10 cm e copa frondosa, realizarase con motoserra deixando o tocón da árbore enrasado co terreo e o tronco limpo de ramaxe e torado en tramos de 2,0 – 2,5 m de lonxitude.*

*2.- Desbroce e limpeza con medios mecánicos e acondicionamento da parcela con árbores e arbustivas de diámetro inferior á 10 cm., en todo tipo de terreos, tanto horizontais, como en taludes de calquera pendente ou en parcelas con difícil acceso para o transporte ou a maquinaria.*

*3.- Triturado dos restos vexetais procedentes do desbroce e/ou a tala, para incorporalo ao terreo a modo de fertilizante natural ou traslado á vertedoiro autorizado.*

*4.- Retirada dos restos da tala, ou apilado destes na propia parcela, en tamaños variables entre 2,0 m e 2,5 m de lonxitude, segundo ditame da Administración competente.*

*Para levar a cabo a prestación do servizo contratado, os técnicos municipais do servizo de Montes Parques e Xardíns, remitirán previamente á empresa adxudicataria a relación de parcelas nas que resulta necesario intervir facendo referencia aos labores de acondicionamento a levar a cabo para dar cumprimento ao artigo 21 da lei 3/2007 de Prevención de incendios e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

*Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato, consistente en aplicar un desconto único do 24,60% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.*

*Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 19 de xullo de 2022, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio.*

*A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:*

*“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”*

*Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Clásusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte*

***ACORDO***

***PRIMEIRO**.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 20 de xullo de 2022 e o 20 de xullo de 2023, do contrato para a prestación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 19 de febreiro de 2021 (expte. 12747/446).*

*O importe da prórroga será de 393.750,00€ euros, dos que 180.468,75€ corresponden ao orzamento do ano 2022 (do 20 de xullo ao 31 de decembro) e 213.281,25€ ao orzamento do ano 2023 (do 1 de xaneiro ao 20 de xullo de 2023), sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279900 "Desbroce e limpeza de masa vexetal fincas risco incendio", manténdose no período de prórroga a mellora ofertada no contrato consistente en aplicar un desconto único do 24,60% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.*

*SEGUNDO.- Para dar efectividade á prórroga, mantense as garantías definitivas constituídas pola empresa, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200), na Tesourería do Concello, por importe de 21.694,22 euros, segundo mandamento de ingreso número 202100008612, de data 5 de febreiro de 2021, nos mesmos termos do contrato adxudicado en data 19 de febreiro de 2021 (expte. 12747/446).*

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.*

*Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución."*

2.- En data 8 de xullo de 2022, a letrada titular da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo emite informe no que sinala a necesidade de correxir as datas relativas ao remato do prazo contractual inicial e ás relativas á prórroga que se propón aprobar, tal e como se expón nas consideracións xurídicas 1 e 3.A do seu informe que se transcriben a continuación:

*"Non obstante, o informe-proposta contén erros en canto ás datas de finalización do prazo de duración inicial do contrato e da data de inicio e remate da prórroga que se propón (antecedente II, fundamento de dereito e parte resolutoria). O prazo inicial de duración do contrato é de 16 meses contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo. A última sinatura dixital do contrato é o 18/03/2021, polo que iniciouse o contrato o 19/03/2021 e remataría o 18/07/2022. En consecuencia, a prórroga que se propón iniciaríase o 19/07/2022 e remataría o 18/07/2023."*

*"A) Que a prórroga se encontre prevista no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.*

*A prórroga que se propón é a primeira das previstas.*

*No presente suposto a cláusula 7 do PCAP en relación co apartado 4.C das FEC, que rexe esta contratación, establece o prazo de duración do contrato de 16 MESES e a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. No mesmo senso, a cláusula 4 do contrato formalizado, que establece que: "O prazo do contrato é de 16 meses contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo.*

*Tendo en conta que a derradeira firma do contrato formalizado é de 18/03/2021, o contrato comezaría o 19/03/2021 e remataría o 18/07/2022. A primeira prórroga proposta comezaría o 19/07/2022 e remataría o 18/07/2023. Neste senso debe corrixirse o informe proposta."*

Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Clásusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO**.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 19 de xullo de 2022 e o 18 de xullo de 2023, do contrato para a prestación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio, dependente da concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 19 de febreiro de 2021 (expte. 12747/446).

O importe da prórroga será de 299.999,99€ euros, dos que 135.483,87€ corresponden ao orzamento do ano 2022 (do 19 de xullo ao 31 de decembro) e 164.516,12€ ao orzamento do ano 2023 (do 1 de xaneiro ao 18 de xullo de 2023), sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279900 "Desbroce e limpeza de masa vexetal fincas risco incendio", manténdose no período de prórroga a mellora ofertada no contrato consistente en aplicar un desconto único do 24,60% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

SEGUNDO.- Para dar efectividade á prórroga, mantense as garantías definitivas constituídas pola empresa, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200), na Tesourería do Concello, por importe de 21.694,22 euros, segundo mandamento de ingreso número 202100008612, de data 5 de febreiro de 2021, nos mesmos termos do contrato adxudicado en data 19 de febreiro de 2021 (expte. 12747/446).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(602).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DA AULA CEMIT, CONFORME CO CONVENIO COA AXENCIA**

**DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA -AMTEGA- NO ANO 2022 ". EXPTE.10569/320.**

Dáse conta do informe-proposta de data 15/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de área:

Dende o Concello de Vigo continuase fomentado o desenvolvemento das actividades propias da aula CeMIT (**Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica)** xa que a súa finalidade é convertela nunha ferramenta que permita aos galegos e galegas mellorar as súas competencias dixitais con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica, deste xeito nun instrumento esencial no acceso a produtos que satisfagan as súas necesidades persoais e profesionais, contribuíndo estratexicamente a:

- Aumentar a accesibilidade a Internet
- Avanzar na alfabetización dixital
- Diminuír a fenda dixital
- Mellorar a empregabilidade

**ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2014, adoptou entre outros os seguintes acordos (número expediente: 6971-320):

> *1º.- Aprobar a presentación da solicitude de consideración como aula CeMIT, xunto coa achega prevista no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local.*
>
> *2º.- Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a tramitación da solicitude de adhesión.*

Con data **04/03/2014**, e número de documento 140026929, se ten recibido no expediente 62/2014 a Notificación de resolución da Asociación para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), entidade que ten asumido a xestión da rede de centros CeMIT, ten asinado un convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital, no eido da Administración Local de Galicia, pola que:

1. *Considera a aula CeMIT do Concello de Vigo, como aula de referencia de acordo coa cláusula terceira do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, AMTEGA e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.*
2. *Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € condicionado o seu pagamento ás especificacións establecidas no Anexo I.*

Con data **14/12/2015**, a Xunta de Galicia, ten comunicado ao Concello de Vigo o acordo de "*Renovar de maneira automática a condición de aula de referencia os concellos relacionados*

*no Anexo I*", anexo no que se atopa o Concello de Vigo, co criterio a e unha subvención de 15.000 € (Aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2016 co número de expediente: 7270-320).

Con data **19/12/2016**, recibiuse nova comunicación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) da Xunta de Galicia coa resolución de renovación da Aula CeMIT de referencia e concesión de unha nova subvención ao prorrogarse a vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2017 coa sinatura da IV Addenda o día 19 de setembro de 2016.

Con data **20/12/2017**, AMTEGA comunica a nova prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Con data **21/01/2019**, recibiuse a "Resolución pola que se conceden subvencións ás aulas das entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñan a consideración de "aulas de referencia" para o exercicio 2019".

Con data **23/01/2020**, recibiuse a notificación de "Inicio de procedemento para declarar a perda de condición de Aula CeMIT de referencia" e, finalmente, con data **29/12/2020** a notificación da resolución pola que se declara **a perda de condición de Aula CeMIT de referencia do Concello de Vigo e a perda da subvención que viña percibindo**. O motivo de esta perda, argumentase da seguinte maneira:

"*Cos datos que figuran o día 30 de novembro de 2019 na plataforma Xea da Xestión de aulas CeMIT relativos ao Concello de Vigo, non se cumpren os requisitos para ter a condición de Aula de Referencia nun municipio de más de 5.000 habitantes, xa que o total de 787,25 hora de actividades rexistradas resulta inferior ao mínimo fixado de 1.000 horas*".

Independentemente da perda da subvención autonómica, o Concello de Vigo, continuou coa actividade formativa na Aula CeMIT durante o ano 2020 financiada con fondos propios (expediente 9441-320).

Con data **3/08/2021**, recibiuse unha nova "Resolución pola que se conceden subvencións ás aulas das entidades locais que integran a Rede CeMIT que teñan a consideración de "aulas de referencia" para o exercicio 2021", pola que se recupera a subvención dos anos anteriores toda vez que foron cumpridos os obxectivos marcados no Convenio de colaboración.

Finalmente, con data **7/06/2022**, AMTEGA nos comunica unha nova **resolución pola que se conceden subvencións ás entidades que integran a Rede CeMIT que teñen a consideración de "aulas de referencia" para o exercicio 2022**, entre as que se inclúe novamente ao Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO a Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a axuda de 15.000,00 €, para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.

2. Encomendar ao servizo de Participación Cidadá a xestión da aula CeMIT e da axuda concedida, conforme ao establecido no texto da resolución.

3. Delegar no concelleiro de Participación Cidadá e Festas a representación do Concello de Vigo diante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na xestión da aula CeMIT do Concello de Vigo.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(603).- PROXECTO DE CONVENIO COA "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO", PARA O FOMENTO DAS SUAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2021 AO 30 DE SETEMBRO DE 2022. EXPTE. 10646/320.**

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 23/03/2022, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 3599*****), en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF: G-36704666), achegou a documentación (nº 220060071, 220060072 e 220060074) solicitando a celebración dun convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola Federación entre o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Camilo Pais Martínez , a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e nas Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

  Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 8/06/2022
  Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2022
  Certificado da Seguridade Social, de data 8/06/2022
  Certificado do Concello de Vigo, de data 21/06/2022

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2021- setembro 2022)** | |
|---|---|
| **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
| Xestión e administración | 6.600,00 € |
| Edición da “ Revista Anuario” | 1.200,00 € |
| Festa Peñas/Cea Voluntario | 5.900,00 € |
| Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa | 2.300,00 € |
| **TOTAIS** | **16.000,00 €** |

| **INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2021 a setembro 2022)** | |
|---|---|
| Convenio Concello | 15.000,00 € |
| Federación de Peñas Recreativas El Olivo | 1.000,00 € |

| | |
|---|---|
| **TOTAL** | **16.000,00 €** |

8. Certificado da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas

b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización

c) Lugar de realización

d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)

e) Recursos humanos e materiais

f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 "Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo", cunha dotación de 15.000,00 €.

VI. En data 10/06/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 21/06/2022 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### *I. OBXECTO*

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (G-36704666) que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2021 a setembro de 2022.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO".

Segundo recollen, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a
participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

***II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES***

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de

Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 10646/320.

## *III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA*

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

## IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

## V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Federación de Peñas Recreativas El OLIVO son gastos destinados ao fomento das actividades da entidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

***VI. ANTICIPO***

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.
A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

***VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2022.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VIII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera

como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***IX. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

***X. RÉXIME DE RECURSOS***

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", incluída no vixente orzamento municipal.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre outubro de 2021 e setembro de 2022, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quince mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.** - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte. 10084/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.

– Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de outubro de 2021 ata setembro de 2022, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando económicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2021 a setembro de 2022, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2021- setembro 2022)** | |
|---|---|
| **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
| Xestión e administración | 6.600,00 € |
| Edición da " Revista Anuario" | 1.200,00 € |
| Festa Peña/Cea Voluntario | 5.900,00 € |
| Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa | 2.300,00 € |
| **TOTAIS** | **16.000,00 €** |

VII.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e

fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

**PACTOS**

***Primeiro***.- A entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.

2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

4. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo - Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluiranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inxeridos na revista.

5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto coa correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de outubro de 2021 ata setembro de 2022.

2. Respectar a estrutura organizativa da "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

***Quinto***.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo***.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

***Oitavo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022.

***Noveno*.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo , mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta**

**xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1.Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2.Datas e lugar de celebración.
3.Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4.Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5.Actuacións realizadas.
6.Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente,** que deben

cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).**
Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Décimo.-*** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número  ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

***Décimo primeiro***.- Antes de proceder ao pago da  subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

***Décimo segundo.-*** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022.

***Décimo terceiro***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo cuarto***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo quinto***.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo sexto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

***Décimo sétimo***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen

dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo oitavo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo noveno***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

***Vixésimo.-*** - O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

| Polo Concello de Vigo | Pola Federación de Peñas Recreativas El Olivo |
|---|---|
| O Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas | O presidente |
| Pablo Luis Estévez Rodríguez | Camilo Pais Martínez |

A Secretaria de Administración Municipal
Susana Gallardo Fariña

## 14(604).- PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2022. EXPTE. 39402/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/07/2022, asinado pola técnica de Formación e Avaliación da Área de RR HH e Formación, pola xefa da Área de RR HH e Formación e pola concelleira delegada de área, que di o seguinte:

O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como o Acordo de formación para o emprego das administracións públicas de 9 de marzo de 2018, establecen o deber e o dereito dos empregados municipais á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e competencias profesionais. Despois de sinalar que a finalidade primordial de toda reforma relativa ao emprego público debe ser a mellora da calidade dos servizos que reciben os cidadáns da Administración, considera que o sistema de emprego público que posibilita afrontar os novos retos aos que se enfronta a Administración é aquela que, entre outros factores, incentive ao persoal para o cumprimento eficiente das súas funcións e responsabilidades, ofrécelle unha formación adecuada e

as oportunidades suficientes de promoción profesional, tendo en conta o desenvolvemento continuo das novas tecnoloxías.

A formación considérase un elemento básico e indispensable no desenvolvemento das competencias profesionais e persoais, así como no desempeño dos recursos humanos que desenvolven a súa actividade neste Concello.

O Plan de Formación é o instrumento a través do cal se planifica e desenvolve a política de formación do Concello e recollerá as actividades formativas ofertadas para garantir o adecuado nivel de preparación e coñecemento de todo o persoal municipal, incorporando, se é o caso, as actividades formativas aprobadas no Plan de Formación Continua.

O presente documento responde ao traballo realizado nos grupos técnicos de formación constituídos por resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 26/12/2016 (expediente nº 29.160/220), así como ás achegas realizadas pola representación sindical, con carácter previo á negociación e aprobación do Plan de Formación 2022.

**II.- ASPECTOS TÉCNICOS:**

**OBXECTIVOS XERAIS E FINALIDADE DO PLAN DE FORMACIÓN**

Os obxectivos principais do Plan de Formación serán os seguintes:

- Contribuír á consecución dunha Administración eficiente e eficaz, co fin de dotar á cidadanía de servizos de calidade, favorecendo un cambio organizativo que responda ao reto modernizador e ás novas demandas sociais e tecnolóxicas.
- Dotar á organización municipal dun marco coherente a través do cal realizar as actividades formativas necesarias para garantir un adecuado nivel de preparación e coñecemento de todo o persoal municipal, obtendo un óptimo aproveitamento dos recursos humanos ao servizo do Concello de Vigo.
- Garantir a detección das necesidades formativas así como definir os aspectos esenciais do proceso formativo e os criterios xerais de xestión da formación, de forma participativa e conxunta.
- Poñer a disposición de todo o persoal municipal os recursos necesarios para a súa promoción, recualificación e mellora, que posibiliten tanto o seu desenvolvemento profesional como persoal.
- Realizar accións formativas en materia de integridade e igualdade, no marco dos Plans vixentes no Concello de Vigo e incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades formativas.

Co obxectivo de dar a máxima viabilidade á oferta formativa, o Concello de Vigo establecerá convenios de colaboración ou outros instrumentos xurídicos con Institucións, Organismos e Entidades públicos e/ou privados vinculados á formación, para a realización conxunta de actividades formativas. As ditas actividades poderán incorporarse ao Plan de Formación nos termos que determine a Comisión de Formación, Perfeccionamento e especialización

**DESEÑO DO PLAN DE FORMACION**

**DETECCIÓN DE NECESIDADES**

A aprobación do Plan de Formación ven precedida dun proceso xeral de detección das necesidades de toda a organización municipal, mediante o cal se recollen as iniciativas e necesidades formativas detectadas mediante enquisas ao persoal municipal e as achegas das organizacións sindicais, poidendose establecer mecanismos adicionais de detección de necesidades que complementen o proceso xeral.

A detección de necesidades terá por obxecto a adecuación das materias e contidos das actividades formativas que se inclúan no Plan de Formación ás necesidades da organización municipal.

O resultado do proceso de detección de necesidades recollerase na proposta de Plan de Formación que deberá aprobar a Comisión Xeral de Formación, Perfeccionamento e Especialización.

Co obxectivo da detección de necesidades formativas no Concello de Vigo 2022, figura no Portal de formación a disposición de todo o persoal municipal, unha enquisa cun total de oito preguntas, en concreto as seguintes:

*“1. Número de persoal*

*2. Relación laboral*

*3. Grupo*

*4. Nivel de estudios*

*5. Datos de contacto (teléfono/email)*

*6. Seleccione a modalidade preferida para realizar as accións formativas*

*7. Seleccione as áreas e accións formativas que considere prioritarias*

*8. Pode achegar información adicional sobre as accións formativas de interese”*

Na análise dos datos efectuados, indícase o seguinte:

A pesar da baixa implicación do persoal municipal na colaboración da detección de necesidades formativas, que tratarase de potenciar en próximas anualidades, contando cun total de 28 enquisas entregadas en data actual, pódense extraer os seguintes datos sobre as áreas de coñecemento prioritarias detectadas:

- Administración electrónica
- Tecnoloxía da información e comunicación
- Prevención de riscos laborais. Saúde laboral
- Contratación
- Xurídico procedimental
- Recursos humanos
- Económico orzamentaria
- Igualdade
- Información e atención ao público
- Innovación e creatividade
- Específicos determinados colectivos

Adicionalmente, foi posta a disposición do persoal unha enquisa específica para as xefaturas de Área/Servizo.

En conxunto, tendo en conta as enquisas realizadas, as solicitudes de formación recibidas por parte de determinados servizos/áreas, así como as necesidades e prioridades internas detectadas por parte da Área de Recursos Humanos e Formación (innovación, comunicación clara coa cidadanía, xestión do coñecemento interno, saúde mental e conciliación e igualdade, entre outras) e por parte dos grupos técnicos da formación e as achegas sindicais así como no marco do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo, considérase de interese a realización de accións formativas nos seguintes ámbitos/materias:

- Integridade e contratación
- Igualdade
- Administración electrónica
- Habilidades persoais, principalmente en relación coas tecnoloxías da información e comunicación e a innovación
- Administración Pública (xurídico procedimental, contratación, económico – orzamentario, etc.)
- Emprego publico e xestión de persoas
- Linguas
- Competencias específicas para determinados colectivos

**CRITERIOS DE SEGUIMENTO E VALORACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN**

1. A avaliación do Plan de Formación constará de dúas fases, a avaliación do proceso formativo e a avaliación do impacto formativo.

2. A avaliación do proceso formativo realizarase mediante enquisas aos asistentes que permitan mellorar os diferentes aspectos que conforman o proceso formativo, incluíndo tanto o desenvolvemento da propia actividade como os seus resultados. Medirá o nivel e grao de adecuación dos distintos compoñentes da actividade formativa e, en particular, dos seguintes elementos:

a) O contido das actividades formativas e a súa adaptación aos obxectivos.

b) O profesorado.

c) Materiais didácticos.

d) A metodoloxía.

e) A organización da actividade.

f) Valoración sobre o cumprimento do principio de igualdade durante o desenvolvemento do curso.

3. A avaliación do impacto da formación ten por obxecto medir a rendibilidade obtida polos asistentes a unha determinada actividade formativa no desempeño do seu posto de traballo. Como obxectivo a medio-longo prazo, seleccionaranse as actividades formativas nas que polas súas características se deba realizar este tipo de avaliación, definiranse indicadores e realizaranse comparativas de datos previos e posteriores á realización das actividades formativas, tratando de realizar a medición do retorno da formación no desempeño diario.

**TRANSPARENCIA**

1. Anualmente inserción da información relacionada coa formación no portal de transparencia do Concello de Vigo, en concreto detallando para cada actividade a seguinte información:

a) Custo da actividade.

b) Número de prazas convocadas, número de alumnos/as finalizando a formación.

c) Coordinadores e formadores.

2. A información facilitaráselle con estrito cumprimento da normativa vixente en materia de transparencia e protección de datos de carácter persoal *(Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales).*

**IMPLANTACION DO PLAN DE FORMACION**

**AMBITO DE APLICACION E COLECTIVOS AFECTADOS**

No Plan de Formación para o ano 2022 poderá participar a totalidade do persoal ao servizo do Concello de Vigo que á data da convocatoria manteña relación de servizo ou laboral coa entidade.

1. Segundo a sua modalidade, as actividades formativas clasifícanse en:

a) Actividades presenciais. Actividades formativas desenvolvidas a través da presenza física do alumnado nas aulas.

b) Actividades virtuais. Actividades formativas desenvolvidas a través de plataformas informáticas virtuais, con ou sen asistencia titorizada. Poderán ter sesións presenciais, sempre que estas non superen o 25% do total das horas da actividade formativa. En concreto, pódense diferenciar as seguintes modalidades:

- On line, o formato estándar de actividade virtual.

O titor poderá acordar a realización de clases sincrónicas con carácter voluntario, previo aviso aos alumnos/as.

- On line con sesións sincrónicas obrigatorias (sesións on line ou ben presenciais, sen superior o límite previamente indicado)

Coa finalidade de facilitar a conciliación poderase participar en tempo real ou ben realizar posterior visionado da clase no portal de formación.

- Autoformación, sen titorización pero con facilidade para a súa realización por figurar prazos de maior duración e incluíndo unha proba final de avaliación en liña.

- Taller on line, formación normalmente de menor duración e de carácter moi práctico.

**Segundo a súa finalidade, as actividades formativas clasifícanse en:**

a) Formación transversal: Actividades formativas abertas, dirixidas a todos os empregados municipais e impartidas preferentemente en liña, que teñen como finalidade achegar coñecementos en áreas ou asuntos de interese común en toda a organización municipal.

Dentro da formación transversal inclúense determinadas actividades formativas dirixidas á cualificación administrativa xeral en función do subgrupo de titulación ou categoría laboral, así como a facilitar a adquisición dos coñecementos necesarios para acceder a outros corpos, escalas, subescalas, clases, categorías ou postos de traballo a través dos sistemas de a provisión de postos, promoción interna ou promoción profesional específica.

b) Formación específica: Actividades de formación para o desempeño do posto de traballo, perfeccionamento e/ou reciclaxe que teñan como obxectivo proporcionar unha mellora ou actualización dos coñecementos ou habilidades necesarias para o desempeño efectivo do posto de traballo. As actividades restrinxidas están dirixidas a empregados municipais que desempeñen un determinado traballo e que precisen formación específica relacionada con el.

c) Actividades de necesario seguimento en cumprimento dos obxectivos dos plans vixentes no Concello de Vigo: Actividades que poden ter por obxecto a cualificación administrativa xeral ou o

perfeccionamento e actualización dos coñecementos ou habilidades necesarios para o desempeño efectivo do posto de traballo.

3. Para conseguir unha implantación real e efectiva do desenvolvemento profesional do persoal municipal, polo menos o 60% das actividades formativas incluídas no Plan de Formación deberán ser virtuais, sendo a modalidade preferente segundo o resultado das enquisas de detección de necesidades.

**CRITERIOS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO**

- As accións formativas de capacitación terán lugar preferentemente dentro da xornada laboral.
- Inclúense no Plan todas as accións formativas financiadas con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo, así como as que se realicen con cargo a subvención da EGAP e outros organismos ou entidades públicas.
- A convocatoria de accións formativas realizarase mediante a inserción de aviso na Intranet, no Portal do Empregado e mediante os sistemas internos de comunicación que permitan a universalidade e o acceso global ás convocatorias por parte de toda a organización.
- Na convocatoria xeral inicial do Plan de Formación incluiranse todas as accións formativas propostas para o ano 2022, ao obxecto de coñecer a demanda que existe para cada actividade por parte dos traballadores municipais. No caso de existir actividades formativas que non acaden un mínimo de 15 solicitudes serán anuladas (non se realizarán), con excepción da formación considerada prioritaria (Integridade, Igualdade, Innovación) e da formación específica para determinados colectivos, podendo ser substituídas por outra acción formativa, ou por unha nova edición daqueles cursos nos que se constate maior demanda.
- As persoas participantes serán seleccionados segundo os criterios previstos nas convocatorias de cada unha das accións formativas, respetando en todo momento os principios de igualdade, publicidade, concorrencia e debendo garantirse a universalidade e a accesibilidade integral pola totalidade da plantilla do acceso á información e inscripción nas accións formativas integrantes do plan.
- Para a obtención do certificado de asistencia será imprescindible o efectivo seguemento e remate do curso.

  Con carácter xeral, será preciso o efectivo cumprimento da acción formativa, debendo completar o 90% da mesma.
- A asistencia ás accións formativas require da responsabilidade e actitude positiva ao aprendizaxe e á mellora persoal e profesional das persoas alumnas. Deberase respectar as normas éticas de uso dos foros e de etiqueta virtual de aplicación, que estarán dispoñibles na plataforma de formación do Concello de Vigo.
- Ao obxecto de asegurar a calidade, efectividade e eficacia da formación e a mellora da programación, á finalización de cada acción formativa realizarase unha enquisa de avaliación entre todas as persoas participantes, co fin de coñecer a súa opinión sobre distintos aspectos do curso. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión de cada acción formativa será abordada no seo dos traballos de planificación e da xestión da formación.

**CRITERIOS XERAIS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO**

**a) Nas solicitudes de accións formativas encadradas na Formación Transversal**

- Orde de prioridade establecido na solicitude.
- Primeira solicitude efectuada, debendo garantir a universalidade da formación entre a plantilla municipal, de xeito tal que concorra unha efectiva igualdade de oportunidades formativas.

- Antigüidade no emprego público.
- Será penalizado, de cara á posterior admisión noutros cursos, o abandono inxustificado nunha actividade formativa sen comunicación suficientemente razoada e de carácter formal á titoría do curso.
- Adicionalmente, no marco do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo:
- Prioridade de acceso en actividades de formación/capacitación ás traballadoras municipais vítimas de violencia de xénero acreditadas.
- Nos cursos de formación terán prioridade de acceso as persoas que estean utilizando ou teñan utilizado, durante os últimos 5 anos nesta Administración, permiso de nacemento, permiso de maternidade ou paternidade, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares, nos termos de réxime de permisos e licenzas contemplados na normativa vixente.
- Nas convocatorias de cursos de formación que teñan por obxecto reforzar as habilidades directivas e as destinadas especificamente para o acceso a postos con funcións directivas, (segundo as vixentes guías de funcións de postos de traballo), e seguindo o exemplo da Administración Xeral do Estado, o 40% das prazas reservaranse para mulleres, excepto que non existan suficientes interesadas que cumpran os requisitos.

Conxuntamente, no marco da xestión das solicitudes de accións formativas tratarase de integrar e conciliar o dereito á formación de todos os diferentes colectivos (persoal afectado pola OEP de estabilización, o acceso ao emprego público, o dereito á promoción interna, etc.), tendo en conta a proposta recibida por parte da representación do persoal.

**b) Nas solicitudes de accións formativas encadradas na Formación Específica**

- Orde de prioridade establecido na solicitude.
- Relación directa co contido funcional do posto de traballo de adscripción.
- Primeira solicitude efectuada, debendo garantir a universalidade da formación entre a plantilla municipal, de xeito tal que concorra unha efectiva igualdade de oportunidades formativas.
- Antigüidade no emprego público.
- Xunto cos criterios establecidos no marco do I Plan de igualdade e diferentes colectivos previamente citados.

**CRITERIOS REITORES DAS OBRIGAS ESPECÍFICAS ESIXIDAS ÁS PERSOAS FORMADORAS E TITORAS INTERNOS**

- Solicitude de inscrición no Banco de Formadores Internos, no caso de ter tal condición.
- Nos supostos de impartición de accións formativas -que inclúan práctica real con equipos, ferramentas ou maquinarias así como cursos “onjob” -job training-, xa sexan impartidos por funcionarios ou formadores internos como por empresas de formación ás que se lle encargue a realización da actividade, será necesario presentar inescusablemente:

  - Curriculum vitae do formador/a no que se especifiquen, entre outros aspectos:

    - A formación académica, que deberá ser adecuada ao contido da acción formativa.
    - A formación complementaria debidamente acreditada relacionada coa área de coñecemento concreta.

  - Cursos de metodoloxía na formacion e formación para adultos ou metodoloxía didáctica (CAP, Formador de Formadores, Formador ocupacional,…)
  - Experiencia profesional directamente relacionada coa materia obxecto da acción formativa.
  - Experiencia docente relacionada coas materias a impartir.
- O recurso a formadores internos será prioritario e preferente fronte ao recurso á contratación externa, á cal só se recorrerá ante a ausencia de formadores internos debidamente capacitados ou cualificados, así como naqueles supostos no cal pola especificidade da materia, polo nivel de coñecementos especializados esixibles, ou pola infraestructura necesaria para o desenvolvemento da actividade formativa sexa necesario recurrir á contratación de formadores externos: En tales supostos, e sexan tanto empresas especializadas como persoas físicas expertas, garantirase a concorrencia efectuando sempre un mínimo de 3 invitacións por acción formativa.
- No caso de contratación da actividade formativa con empresas, antes do inicio da actividade formativa, a empresa ou entidade contratada para impartir a formación deberá xustificar o cumprimento das obrigas derivadas do RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais e o cumprimento das obrigas derivadas do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo. A tal fin deberán seguir o establecido na Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010, e publicada no BOP de 29/03/2011.
- Ao remate de cada acción formativa, o/a formador/a entregará o listado de alumnos/as superando a formación e porase a súa disposición unha enquisa no portal de formación e/ou mediante envío electrónico. A análise da información obtida a través das enquisas en canto á realización, ao desenvolvemento, aos resultados obtidos e á xestión de cada acción formativa será abordada no seo dos traballos que desenvolven os grupos técnicos de formación.
- A lingua vehicular das accións formativas será preferentemente o galego. Cando por razóns técnicas se deba acudir a persoal docente doutras comunidades autónomas distintas da galega será xustificado pola Área de RRHH e Formación, conforme a proposta recibida por parte da representación do persoal.
- A perspectiva de xénero así como a linguaxe inclusiva se terá en conta de xeito transversal en toda a formación que se imparta, conforme a proposta recibida por parte da representación do persoal.

***CRITERIOS ECONÓMICOS***

- *Os importes da organización e celebración dos cursos incluídos no Plan de Formación non poderán superar os prezos de mercado, tendo en conta as ofertas recibidas e outras experiencias en formación impartidas pola INAP.*
- *O importe a abonar aos formadores/as internos/as será conforme os vixentes acordos, se ben realizarase a tramitación administrativa precisa para a súa actualización e revisión, se procede.*
- *Adicionalmente, designarase un administrador de cada curso para realizar o aboamento das tarefas asociadas á administración e xestión dos cursos no portal de formación, no caso dos cursos realizados por formadores internos e formadores externos cando se realicen na devandita plataforma do Concello de Vigo. Será como mínimo unha porcentaxe do 10% en función das horas totais do curso.*

• *No caso da colaboración con formadores/as externos/as será igualmente conforme os ditos prezos/hora, se ben poderase realizar unha estimación específica en función da relevancia do formador/a e sempre tendo en conta o límite no marco dos prezos de mercado.*

## FUNDAMENTOS LEGAIS

Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP):

-Artigo 14:

*"Los empleados públicos tienen los siguientes derechos de carácter individual en correspondencia con la naturaleza jurídica de su relación de servicio:*

*b) Al desempeño efectivo de las funciones o tareas propias de su condición profesional y de acuerdo con la progresión alcanzada en su carrera profesional.*

*c) A la progresión en la carrera profesional y promoción interna según principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad mediante la implantación de sistemas objetivos y transparentes de evaluación.*

*e) A participar en la consecución de los objetivos atribuidos a la unidad donde preste sus servicios y a ser informado por sus superiores de las tareas a desarrollar.*

***g) A la formación continua y a la actualización permanente de sus conocimientos y capacidades profesionales, preferentemente en horario laboral."***

-Artigo 54- Principios de conducta dos empregados/as públicos:

***"8. Mantendrán actualizada su formación y cualificación."***

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: artigo 4:

*"1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas:*

***a)*** *Las potestades reglamentaria y de* ***autoorganización****.*

***c)*** *La potestad de* ***programación o planificación****."*

## ACCIÓNS FORMATIVAS PROPOSTAS:

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1: FORMACIÓN TRANSVERSAL** | | | | | | | |
| Máxima | Integridade | A integridade como competencia profesional no Sector Público. A ética no posto de traballo. Prevención do fraude e da corrupción. Código de conducta do Concello de Vigo. | Todo o persoal | 1 | 25 | 25 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Máxima | Integridade | A integridade como competencia profesional no Sector Público. A ética no posto de traballo. Prevención do fraude e da corrupción. Código de conducta do Concello de Vigo. | Todo o persoal | 1 | 25 | 25 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Integridade | Responsabilidades do/a empregado/a publico/a. Responsabilidade contable e integridade. | Todo o persoal | 1 | 25 | 40 | On line con clases |

Concello de Vigo

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | sincrónicas |
| Media | Contratación | Contratos do sector público | A1, A2, C1 | 1 | 25 | 40 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Integridade/Contratación | Prevención en prácticas colusorias na contratación | A1, A2, Xefaturas | 1 | 25 | 10 | Taller práctico: Online con clases sincrónicas |
| Máxima | Integridade | O control de contas en materia de integridade e fiscalización na Administración Local. Antifraude. | A1, A2, Xefaturas | 1 | 25 | 25 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Igualdade | Igualdade de xénero, prevención do acoso sexual e da discriminación por razón de sexo. Boas prácticas inclusivas e accións positivas no sector público. A prevención e actuación ante a violencia de xénero. | Todo o persoal | 2 | 25 | 20 | On line |
| Máxima | Igualdade | Impacto de xénero das políticas públicas. Elaboración de informes de impacto de xénero | Persoal técnico | 1 | 25 | 20 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Igualdade | Recursos lingüísticos para o emprego dunha linguaxe non sexista | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Máxima | Igualdade | A transversalidade de xénero. Aplicación na administración local | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Igualdade | O papel das administracións públicas ante as traballadoras vítimas de violencia de xénero | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Igualdade | Información e sensibilización para a igualdade nas organizacións | Todo o persoal | 1 | 25 | 6 | On line |
| Máxima | Igualdade | Defensa persoal nivel I (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Empregadas municipais | 1 | 15 | 16 | Presencial |
| Máxima | Igualdade | Defensa persoal nivel II (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Empregadas municipais | 1 | 15 | 16 | Presencial |
| Alta | Administración electrónica | Administración e xestión electrónica. O expediente electrónico | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Administración electrónica | Competencias dixitais (por niveis): básico | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Alta | Administración electrónica | Competencias dixitais (por niveis): medio | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Alta | Administración electrónica | Competencias dixitais (por niveis): avanzado | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Alta | Emprego público e xestión de persoas | Xestión de situacións de crise e resolución de conflitos no entorno laboral | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Emprego público e xestión de persoas | Órganos de selección e procesos selectivos no sector público local (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Persoal que desexe participar como membro dos órganos de selección | 1 | 25 | 25 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Emprego público e xestión de | A xestión do coñecemento e o relevo interxeneracional nas Administracións Públicas | A1, A2 e C1 | 1 | 25 | 20 | On line |

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | persoas | | | | | | |
| Media | Emprego público e xestión de persoas | Habilitades da relación interpersoal: Adaptabilidade, flexibilidade e compromiso (individual, colectivo e institucional) dos/as empregados/as públicos/as | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Emprego público e xestión de persoas | Estratexias para desenvolver a memoria | Todo o persoal | 1 | 25 | 15 | Taller on line |
| Alta | Igualdade/Emprego público e xestión de persoas | A conciliación da vida laboral, persoal e familiar nas administracións públicas | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Linguas | Lingua galega hoxe. Reciclaxe e actualización | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Media | Linguas | Inglés na administración local (Castellano – inglés) | Todo o persoal | 1 | 25 | 80 | On line |
| Media | Linguas | Inglés na administración local (Galego – Inglés) | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Linguas | Actualización da linguaxe administrativa e xurídica da lingua galega | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Media | Habilidades na Administración Pública | Comunicación clara: traballando na mellora da comunicación interna. Técnicas de negociación. | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line con clases sincrónicas |
| Alta | Xurídico procedimental | Procedemento administrativo e control xudicial. | A1, A2, C1, C2 | 1 | 25 | 40 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Xurídico procedimental | Conceptos básicos da protección de datos de carácter persoal nas administracións publicas | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Media | Xurídico procedimental | Formación avanzada en protección de datos de carácter persoal nas administracións públicas | A1, A2, Xefaturas | 1 | 25 | 15 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Xurídico procedimental | O réxime patrimonial das entidades locais | A1 e A2 | 1 | 25 | 15 | On line |
| Media | Económico – orzamentario | Introdución a xestión económica e orzamentaria nas administracións públicas. Entidades locais | A1, A2, C1, C2 | 1 | 25 | 30 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Económico – orzamentario | Xestión tributaria local-básico | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Innovación pública | Innovación e creatividade | A1 e A2 | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Prevención de riscos | Primeiros auxilios | Todo o persoal | 2 | 20 | 10 | Presencial |
| **2: FORMACIÓN ESPECÍFICA** | | | | | | | |
| Máxima | Integridade / Contratación/ Económico – orzamentario | O plan de recuperación e resiliencia: a xestión de fondos next generation eu (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | A1, A2 e C1 xestionando fondos europeos | 1 | 30 | 30 | On line |
| Alta | Emprego público e xestión de persoas / Prevención | Teletraballo, traballo en entornos remotos e espazos virtuais. A prevención de riscos laborais en teletraballo (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | A1, A2, C1 e C2 con funcións remoto (prioritario) | 1 | 30 | 30 | On line |
| | Habilidades na | Liderazgo e dirección pública: claves e esenciais do | Xefaturas | 1 | 30 | 25 | Taller |

Concello de Vigo

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alta | Administración Pública | desempeño directivo (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | | | | | práctico: Online con clases sincrónicas |
| Media | Habilidades na Administración Pública | Atención ao cidadán: presencial, telefónica e en entornos virtuais. Atención de persoas con diversidade funcional. Dereitos lingüísticos dos/as administrados/as. | Persoal atención directa ao publico | 1 | 25 | 25 | On line |
| Alta | Igualdade/ Habilidades na Administración Pública | Sensibilización contra a discriminación das persoas LGTBI+: Ferramentas sensibilización, prevención e detección de casos de delitos por razón de orientación sexual, identidade e expresión de xénero. | Persoal atención directa ao publico incluíndo Policía Local | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Determinados colectivos | Mantemento de instalacións municipais (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Persoal Oficios | 1 | 15 | 80 | Presencial |
| Alta | Determinados colectivos | Coidados dos animais en cautividade (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Persoal Zoo | 1 | 15 | 40 | Presencial |
| Media | Determinados colectivos | Formación en GIS | Persoal técnico, prioridade oficina de Inventario Municipal | 1 | 20 | 40 | On line |
| Media | Determinados colectivos | Arcgis. Xeración dun modelo dixital 3d da cidade de Vigo | Delineantes, arquitectos, técnicos xardíns, fomento, catastro, planeamento e cartografía | 1 | 20 | 15 | On line |
| Alta | Determinados colectivos | Módulos formativos sobre saúde mental e servizos sociais (diagnóstico social, detección de casos, coordinación, xestión das emocións nos profesionais do traballo social, etc.) | Persoal Igualdade, Benestar Social, Cedro | 1 | 25 | 25 | Online |
| Media | Determinados colectivos | Tramitación e relacións coa Fiscalía/Xulgado (ingresos voluntarios e capacidade de obrar, realización de trámites e informes dirixidos a Fiscalía-Xulgado) | Persoal Igualdade, Benestar Social, Cedro | 1 | 20 | 20 | On line |
| Media | Prevención de riscos/ Determinados colectivos | Reciclaxe na condución | Persoal con funcións de condución de vehículos | 1 | 20 | 20 | Presencial |

**AUSENCIA DE CONTIDO ECONÓMICO DA PROPOSTA DE ACORDO:**

A presente proposta non resulta susceptible de cuantificación exacta, debido á circunstancia de que a execución de cada unha das diferentes accións formativas levará aparellada a tramitación do correspondente expediente de gasto, que será obxecto da preceptiva fiscalización previa.

Adicionalmente, a realización ou non dun curso estará en función do número de alumnos/as, cuxa determinación neste momento resulta imposible, ao non atoparse aprobado o plan e, conseguintemente, tampouco as convocatorias e prazos de inscripción.

Por tanto, enténdese que non resultaría preceptiva a fiscalización previa da proposta de acordo pola Intervención Xeral, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non ser susceptible de determinación a efectiva producción dun gasto futuro.

**COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN:**

Ditas accions formativas foron debatidas na reunion da Comision Paritaria de Formacion (art. 42 do vixente Acordo Regulador ) en sesión de data 05/07/2022, toda vez que, tal e como se contempla no artigo 37 do TREBEP, están suxeitas á obriga de negociación colectiva os plans de formación e a distribución dos fondos asignados á mesma; sendo éste o órgano previsto no Concello de Vigo a tal efecto.

Polo tanto, vistas as consideración expostas, e de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

"**UNICO**.- Aprobar o Plan de Formacion do Concello de Vigo para o ano 2022, de conformidade cos antecedentes e motivación expostos no informe-proposta que antecede, que obra contido no Anexo I do presente acordo, formando parte inseparable do mesmo.

ANEXO I

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1: FORMACIÓN TRANSVERSAL** | | | | | | | |
| Máxima | Integridade | A integridade como competencia profesional no Sector Público. A ética no posto de traballo. Prevención do fraude e da corrupción. Código de conducta do Concello de Vigo. | Todo o persoal | 1 | 25 | 25 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Máxima | Integridade | A integridade como competencia profesional no Sector Público. A ética no posto de traballo. Prevención do fraude e da corrupción. Código de conducta do Concello de Vigo. | Todo o persoal | 1 | 25 | 25 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Integridade | Responsabilidades do/a empregado/a publico/a. Responsabilidade contable e integridade. | Todo o persoal | 1 | 25 | 40 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Contratación | Contratos do sector público | A1, A2, C1 | 1 | 25 | 40 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Integridade/ Contratación | Prevención en prácticas colusorias na contratación | A1, A2, Xefaturas | 1 | 25 | 10 | Taller práctico: Online con clases sincrónicas |
| Máxima | Integridade | O control de contas en materia de integridade e fiscalización na Administración Local. Antifraude. | A1, A2, Xefaturas | 1 | 25 | 25 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Igualdade | Igualdade de xénero, prevención do acoso sexual e da discriminación por razón de sexo. Boas prácticas inclusivas e accións positivas no sector público. A prevención e actuación ante a violencia de xénero. | Todo o persoal | 2 | 25 | 20 | On line |

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Máxima | Igualdade | Impacto de xénero das políticas públicas. Elaboración de informes de impacto de xénero | Persoal técnico | 1 | 25 | 20 | On line con clases sincrónicas |
| Máxima | Igualdade | Recursos lingüísticos para o emprego dunha linguaxe non sexista | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Máxima | Igualdade | A transversalidade de xénero. Aplicación na administración local | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Igualdade | O papel das administracións públicas ante as traballadoras vítimas de violencia de xénero | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Igualdade | Información e sensibilización para a igualdade nas organizacións | Todo o persoal | 1 | 25 | 6 | On line |
| Máxima | Igualdade | Defensa persoal nivel I (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Empregadas municipais | 1 | 15 | 16 | Presencial |
| Máxima | Igualdade | Defensa persoal nivel II (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Empregadas municipais | 1 | 15 | 16 | Presencial |
| Alta | Administración electrónica | Administración e xestión electrónica. O expediente electrónico | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Administración electrónica | Competencias dixitais (por niveis): básico | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Alta | Administración electrónica | Competencias dixitais (por niveis): medio | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Alta | Administración electrónica | Competencias dixitais (por niveis): avanzado | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Alta | Emprego público e xestión de persoas | Xestión de situacións de crise e resolución de conflitos no entorno laboral | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Emprego público e xestión de persoas | Órganos de selección e procesos selectivos no sector público local (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Persoal que desexe participar como membro dos órganos de selección | 1 | 25 | 25 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Emprego público e xestión de persoas | A xestión do coñecemento e o relevo interxeneracional nas Administracións Públicas | A1, A2 e C1 | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Emprego público e xestión de persoas | Habilitades da relación interpersoal: Adaptabilidade, flexibilidade e compromiso (individual, colectivo e institucional) dos/as empregados/as públicos/as | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Emprego público e xestión de persoas | Estratexias para desenvolver a memoria | Todo o persoal | 1 | 25 | 15 | Taller on line |
| Alta | Igualdade/Emprego público e xestión de persoas | A conciliación da vida laboral, persoal e familiar nas administracións públicas | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| | Linguas | Lingua galega hoxe. Reciclaxe e | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | Autoforma |

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Media | | actualización | | | | | ción con proba de avaliación final |
| Media | Linguas | Inglés na administración local (Castellano – inglés) | Todo o persoal | 1 | 25 | 80 | On line |
| Media | Linguas | Inglés na administración local (Galego – Inglés) | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Linguas | Actualización da linguaxe administrativa e xurídica da lingua galega | Todo o persoal | 1 | 25 | 30 | On line |
| Media | Habilidades na Administración Pública | Comunicación clara: traballando na mellora da comunicación interna. Técnicas de negociación. | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line con clases sincrónicas |
| Alta | Xurídico procedimental | Procedemento administrativo e control xudicial. | A1, A2, C1, C2 | 1 | 25 | 40 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Xurídico procedimental | Conceptos básicos da protección de datos de carácter persoal nas administracións publicas | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | Autoformación con proba de avaliación final |
| Media | Xurídico procedimental | Formación avanzada en protección de datos de carácter persoal nas administracións públicas | A1, A2, Xefaturas | 1 | 25 | 15 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Xurídico procedimental | O réxime patrimonial das entidades locais | A1 e A2 | 1 | 25 | 15 | On line |
| Media | Económico – orzamentario | Introdución a xestión económica e orzamentaria nas administracións públicas. Entidades locais | A1, A2, C1, C2 | 1 | 25 | 30 | On line con clases sincrónicas |
| Media | Económico – orzamentario | Xestión tributaria local-básico | Todo o persoal | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Innovación pública | Innovación e creatividade | A1 e A2 | 1 | 25 | 20 | On line |
| Media | Prevención de riscos | Primeiros auxilios | Todo o persoal | 2 | 20 | 10 | Presencial |
| **2: FORMACIÓN ESPECÍFICA** | | | | | | | |
| Máxima | Integridade / Contratación / Económico – orzamentario | O plan de recuperación e resiliencia: a xestión de fondos next generation eu (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | A1, A2 e C1 xestionando fondos europeos | 1 | 30 | 30 | On line |
| Alta | Emprego público e xestión de persoas / Prevención | Teletraballo, traballo en entornos remotos e espazos virtuais. A prevención de riscos laborais en teletraballo (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | A1, A2, C1 e C2 con funcións remoto (prioritario) | 1 | 30 | 30 | On line |
| Alta | Habilidades na Administración Pública | Liderazgo e dirección pública: claves e esenciais do desempeño directivo (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Xefaturas | 1 | 30 | 25 | Taller ṕractico: Online con clases sincrónicas |
| Media | Habilidades na | Atención ao cidadán: presencial, telefónica e en entornos virtuais. Atención de persoas | Persoal atención directa | 1 | 25 | 25 | On line |

| Prioridade | Área formativa | Denominación da acción formativa | Destinatarios/as | Nº de edicións | Nº de alumnos/as por edición | Nº de horas por edición | Modalidade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Administración Pública | con diversidade funcional. Dereitos lingüísticos dos/as administrados/as. | ao publico | | | | |
| Alta | Igualdade/ Habilidades na Administración Pública | Sensibilización contra a discriminación das persoas LGTBI+: Ferramentas sensibilización, prevención e detección de casos de delitos por razón de orientación sexual, identidade e expresión de xénero. | Persoal atención directa ao publico incluíndo Policía Local | 1 | 25 | 20 | On line |
| Alta | Determinados colectivos | Mantemento de instalacións municipais (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Persoal Oficios | 1 | 15 | 80 | Presencial |
| Alta | Determinados colectivos | Coidados dos animais en cautividade (aprobada no plan de formación 2021, pendente execución) | Persoal Zoo | 1 | 15 | 40 | Presencial |
| Media | Determinados colectivos | Formación en GIS | Persoal técnico, prioridade oficina de Inventario Municipal | 1 | 20 | 40 | On line |
| Media | Determinados colectivos | Arcgis. Xeración dun modelo dixital 3d da cidade de Vigo | Delineantes, arquitectos, técnicos xardíns, fomento, catastro, planeamento e cartografía | 1 | 20 | 15 | On line |
| Alta | Determinados colectivos | Módulos formativos sobre saúde mental e servizos sociais (diagnóstico social, detección de casos, coordinación, xestión das emocións nos profesionais do traballo social, etc.) | Persoal Igualdade, Benestar Social, Cedro | 1 | 25 | 25 | Online |
| Media | Determinados colectivos | Tramitación e relacións coa Fiscalía/Xulgado (ingresos voluntarios e capacidade de obrar, realización de trámites e informes dirixidos a Fiscalía-Xulgado) | Persoal Igualdade, Benestar Social, Cedro | 1 | 20 | 20 | On line |
| Media | Prevención de riscos/ Determinados colectivos | Reciclaxe na condución | Persoal con funcións de condución de vehículos | 1 | 20 | 20 | Presencial |

As accións formativas serán impartidas, preferentemente, na modalidade virtual. No caso da imposibilidade de realizacion nesta modalidade, na sua celebración deberan adoptarse todas as medidas de protección fronte ao contaxio COVID-19 vixentes no momento de celebración do mesmo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(605).- NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO DE XESTIÓN PARA O PROGRAMA DE MELLORA NA XESTIÓN E MODERNIZACIÓN INTERNA DA ÁREA D RR HH E FORMACIÓN. EXPTE. 40060/220.**

Visto o informe de fiscalización do 11/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/07/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira delegada da área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura da Área de RRHH e Formación, se solicita, 1 persoa coa categoría profesional de técnico de Xestión para o programa de mellora na xestión interna e modernización na Área de RRHH e Formación, debido á recente renuncia por obtención de praza en propiedade formulada pola anterior funcionaria interina nomeada.

**II.-** Analizada a solicitude, en data 03/06/2022 procédese á incoación de expediente.

**III.-**Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 1 persoa acepta o nomeamento e está en condicións de ser nomeada.

**IV.-** Consta informe técnico que inclúe a proposta de gasto coas consideracións que obran no expediente.

**V.-** En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del

Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (….....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

> "......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento

de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa "**la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto**" (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que "los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá o día 02/12/2023, **sen dereito a compensación algunha.** Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de técnico/a de Xestión (código retributivo 179).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da

Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 1 persoa está en condicións de ser nomeada por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

**V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe dun técnico/a de xestión baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 c) do TREBEP, por un período comprendido entre o 04/07/2022 ata o 02/12/2023 sería o seguinte:

**Periodo 04/07/2022-02/12/2023**

| | 2022 | 2023 |
|---|---|---|
| Basicas | 6.847,51 € | 13.239,83 € |
| CD | 4.601,25 € | 8.896,61 € |
| CE | 7.969,88 € | 15.409,94 € |
| **Total Retribucions** | **21.440,64 €** | **39.569,38 €** |
| Seguridade Social | 5.086,69 € | 9.835,24 € |
| **Total Gasto** | **26.527,33 €** | **49.404,62 €** |

Os importes correspondentes ao ano 2023 calcúlanse cun incremento do 2,5% con respecto as do ano 2022.

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

## VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación consta:

- "Que segundo informe da técnica de Administración Xeral incorporado no expediente, para os chamamentos pódese facer uso da listaxe de reserva para a categoría de Técnicos/as Medios/as en Relacións Laborais, para a que existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Técnico de Xestión de Alejandro Lago Portela, con DNI ***8726**, , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

## VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:
a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
b) La intervención formal de la ordenación del pago.
c) La intervención material del pago.
d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

**VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**"PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: técnico/a de Xestión
- Modalidade legal: funcionario interino por execución dun programa temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP).
- Destino: RRHH e Formación
- Período temporal: ata o fin do programa temporal 2/12/2023, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).

- Custe económico: 26.527,33 € en 2022 e 49.404,62 € en 2023 desglosados segundo informe técnico de data 27/06/2022:

| **Periodo 04/07/2022-02/12/2023** | | |
|---|---|---|
| | 2022 | 2023 |
| Basicas | 6.847,51 € | 13.239,83 € |
| CD | 4.601,25 € | 8.896,61 € |
| CE | 7.969,88 € | 15.409,94 € |
| **Total Retribucions** | **21.440,64 €** | **39.569,38 €** |
| Seguridade Social | 5.086,69 € | 9.835,24 € |
| **Total Gasto** | **26.527,33 €** | **49.404,62 €** |

Os importes correspondentes ao ano 2023 calcúlanse cun incremento do 2,5% con respecto as do ano 2022.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino por execución de programa temporal, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

| NÚM. ORDE | DNI** | NOME E APELIDOS |
|---|---|---|
| 1 | ***8726** | A. Lago Portela |

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura do Servizo de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-

Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(606).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DA OBRA "RETRATO DE Dª EDITA FERNÁNDEZ" DO PINTOR FERNANDO D'OLIVEIRA. EXPTE. 7093/337.**

Visto o informe xurídico 12/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2022, asinado polo director do Museo, polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

Con data 24 de agosto de 2021 ***493**A, presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, polo que oferta en doazón ao Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" o cadro "Retrato de Dª Edita Fernández" do pintor Fernando D'Oliveira, datado en marzo de 1948. Acompañase a oferta de fotografías.

Na data 1.09.21 dase traslado da oferta ao museo municipal para a súa valoración e procedese a apertura do presente expediente 7093-337 para a súa resolución nos termos que proceda.

Visto o cal o director do Museo Municipal realiza visita técnica á obra para a súa observación directa, toma de datos e fotografías.

Asemesmo en data 10.03.22 a doante presenta declaración responsable pola que declara que o ben en doazón está libre de cargas, gravames, litixios ou calquera circunstancia que poidera afetar á súa propiedade ou valor no momento de referencia.

Na mesma data o director do Museo Municipal emite informe valorativo do interese artístico da obra ofertada, que se inclúe no expediente, e cuxos elementos principais figuran no presente informe.

**1. Análise da obra ofertada**



<u>Ficha técnica</u>

Obxecto: Retrato de Dª Edita Fernández
Autor: Fernando D' Oliveira
Técnica: Óleo/tea
Medidas: 97 x 103 cm
Datación: 1948
Estado de conservación: Excelente

**1.1. O pintor Fernando D’Oliveira Pérez (Vigo, 1912 - 2000)**

O autor da obra é **Fernando D’ Oliveira Pérez** pintor vigués, de ascendencia portuguesa, do cal dispoñemos de escasa información. Debémola principalmente ao xornalista Gerardo González Martín que fixo un amplo bos-

quexo da súa biografía nun artigo publicado na prensa local[1] e ao cal recorremos para coñecer mellor a traxectoria vital e artística do pintor.

Nacido en Vigo, no mes de maio de 1912, Fernando D'Oliveira deu os seus primeiros pasos artísticos na especialidade que fixera famoso ao seu pai, o pergameo artístico. No primeiro terzo do século XX, fundamentalmente, Fernando D'Oliveira pai realizou numerosísimos traballos nesta técnica para institucións e personaxes da cidade pola conmemoración de distintos eventos .

Amais da formación no obradoiro paterno, Fernando fillo desenvolveu desde cedo carreira na pintura e no deseño, acadando certa sona na cidade desde moi novo. Así, en 1928, con só 15 anos, obtivo o autor o terceiro premio do concurso de carteis da Asociación da Prensa Local viguesa.

Ata a década dos anos 40 pouco máis coñecemos do artista. No ano 41 traballa como delineante interino do Concello de Vigo, realizando pergameos para a institución viguesa. No 43 vive coa súa familia en Madrid, estudando debuxo e pintura no Círculo de Belas Artes e na Real Escola de Belas Artes de San Fernando. Completa esta formación en Lisboa e Porto regresando posteriormente a Vigo onde instala estudio coa especialidade de retrato e deseño publicitario. En 1948 participa na cidade nunha exposición colectiva a favor do pintor Mario González xunto a artistas como Laxeiro, Maside, Manuel Torres, Bene, Garabal, Mario F. Granell ou Mareque. Dese ano é o retrato en doazón de Edita Fernández.

Da década seguinte coñecemos en Vigo, a súa exposición individual na Sala Velázquez, de 1951, na que presenta unha selección de retratos entre os que se inclúe o do seu mestre en Madrid, o pintor Julio Moisés Fernández de Villasante; e a realización dun retrato do Marqués de Valterra en 1957 para o pósito de pescadores de Vigo.

Amais destes traballos Fernando D'Oliveira fillo vai realizar obras de maior calado pictórico, como os frescos do altar da igrexa das Trinitarias da rúa Ecuador (1954) ou un tríptico de grandes proporcións para a desaparecida Residencia das Irmanciñas dos Pobres na rúa Pi i Margall. Tamén segue a traballar no deseño publicitario coa axencia propia Imán; e desenvolve docencia nos colexios vigueses de San José de Cluny, os Maristas ou na Escola de Artes e Oficios da cidade xa cara finais dos anos 60. Con todo será a súa actividade en materia de pergameos artístico na que o pintor será máis prolífico, realizando incontables traballos para concellos, Deputación Provincial e particulares.

**1.2. O retrato de Dª Edita Fernández**

A obra ofertada é un retrato de muller, concretamente de Dª Edita Fernández - tía aboa e madriña da doante- nacida en Nogueira de Ramuín (Ourense) en 1904 e falecida en Vigo en 2001.

Está realizado en óleo sobre tea e datado na cidade de Vigo no mes de marzo de 1948, estes últimos datos consignados polo pintor xunto á súa sinatura no ángulo inferior esquerdo do cadro.

Conforme a información aportada pola doante o cadro foi encargado con probabilidade por Rodrigo Alonso Villar, esposo da retratada e comerciante de pinturas e droguería da cidade, de quen Edita enviuvou a comezos dos anos 70 do pasado século.

A doante indica que Dª Edita era persona amable e cariñosa, que gozaba de viaxar cos seus amigos, de saídas a espectáculos, ópera, zarzuela, cine... organizando na súa casa frecuentes veladas e xantares familiares. Tamén sinala que por tratarse a doante da súa afillada, e pola circunstancia de vivir con ela os seus últimos anos de vida, o cadro ofertado foi parar ás súas mans.

1 GONZÁLEZ MARTÍN, G.: "Fernando d'Oliveira, el eslabón de una familia de artistas" en La Voz de Galicia, 27.09.2012

Desde o punto de vista técnico atopámonos ante un retrato burgués característico da época. A dama aparece retratada en tres cuartos, sentada en lixeiro escorzo, sobre sofá decorativo, desprazada ao seu carón esquerdo deixando baleiro o lado dereito nunha composición que resulta orixinal ao descentrarse.

Tratase dun retrato sobrio, limitada a paleta de cor da figura ao branco e negro, reservando a gama máis viva encarnada ao canapé, decorado con pequenas florciñas brancas; e ao cortinón do estudio. A muller viste elegantemente de negro, adornada con puntuais xoias como anel de casada e pequeno reloxio de pulseira en prata na man esquerda; pulseira de ouro na dereita; e colar e pendentes de perla. Sobreviste un chal branco de muselina que transparenta os seus brazos e porta un abano de plumas que aporta brillantez e lixeireza, e resta seriedade á composición.

Se estudiamos o contexto do autor non deixamos de aprezar a marcada influencia neste retrato de D'Oliveira do seu mestre madrileño, Julio Moisés.

No retrato que o mestre fai en Madrid por exemplo, de Dª Elena Carvajales Fermosel, datado en 1943 – xusto na época na que D'Oliveira está na capital como alumno seu-; ou o dunha señora anónima de 1948, ambos na Real Academia de Belas Artes de San Fernando, detectamos o mesmo xesto severo, adusto, sen sorriso que Fernando vai darlle á súa personaxe Dª Edita.

Mestre e alumno retratan ás súas modelos distantes, cun rictus serio, triste, algo soberbio, o cal obedece máis a unha certa estética da elegancia da época - que tende a rexeitar o sorriso por parecer vulgar e deformar a cara - que ao o carácter real das representadas que para o caso de Dª Edita coñecemos era alegre e afable polo testemuño da súa afillada. O envaramento e a distancia resultan sen dúbida máis apropiados e decorosos nunha época dura e represiva como son os anos 40 do pasado século en España, pouco dada á natural afloración dos sentimentos moi especialmente para as mulleres.
Este efeito de envaramiento e falta de naturalidade na modelo resulta máis destacado no caso de D'Oliveira por carecer o pintor vigués da gran pericia técnica que tiña o seu mestre José Moisés, sen dúbida o retratista máis popular entre a aristocracia madrileña do momento.

No caso de Edita, o corpo resulta ríxido, pouco orgánico, case un manequín, descoidando o pintor por exemplo o tratamento das mans, que aparecen inexpresivas, e concentrando os esforzos no rostro que si aparece máis crible, sen temor por exemplo á representar a idade.

A falta xeral de naturalidade acrecentase pola falta de ambiente, atmosfera, no cadro por mor, entre outras cousas, dun tratamento da luz absolutamente neutro e formal.

**2. Interese da obra ofertada para o museo municipal**

Hai varios factores na obra ofertada que fan que posúa interese para a colección municipal.

En primeiro lugar o museo municipal non dispón de ningunha obra do pintor Fernando D'Oliveira, artista vigués que, anque hoxe esquecido, gozou de recoñecida popularidade no seu momento.

Entre as súas liñas de adquisición, o museo municipal debe prestar especial atención naturalmente aos/ás artistas vigueses e viguesas, naturais ou residentes, particularmente dos séculos XIX e XX, que tiveran na súa época certa importancia anque non transcendese do ámbito puramente local. Valorase esta circunstancia pois independentemente da fortuna crítica posterior que tivera o/a autor/a fóra da nosa cidade.

Interesa ademais a obra polo seu xénero: o retrato. O cadro permite achegarse a un determinado estrato social vigués nunha época determinada, os anos 40 do pasado século XX. Do xénero o museo dispón dunha representativa galería de retratos da sociedade viguesa e galega da época con excelentes exemplos como o "Retrato de Dona Pepucha Sanjurjo Oza de Kruckemberg" (1925) do pintor Medal; ou o "Retrato de familia" de Suárez-Llanos (Ca 1950).

**3. Interese público da aceptación da doazón**

A Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia establece, no seu título I, art.3.3.a que é función dos museos "**a adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos"

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, **adquisición,** (...) de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural."

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha sinalada colección de arte galega contemporánea e presta especial atención á creación artística na cidade de Vigo durante os séculos XIX e XX.

A obra ofertada é da autoría do pintor Fernando D'Oliveira Pérez, artista vigués do pasado século XX, destacado en variadas especialidades, entre elas a retratística. O cadro é un bo exemplo da súa produción de comezos dos anos 40; presenta un magnífico estado de conservación; e permite, polo seu xénero do retrato, achegarse ao coñecemento e representación do estrato burgués da cidade neste momento completando deste xeito a valiosa galería de retratos da mesma época da que dispón xa o museo.

Por todo elo valorase favorablemente a aceptación da doazón da obra que se oferta.

Queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón da obra ofertada en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal "Quiñones de Léon".

**4. Valoración económica da obra ofertada e outras consideracións**

En base ás consultas realizadas establecese un valor económico para a obra ofertada de 2.000 €.

A obra presenta un excelente estado de conservación.

En data 14 de febreiro de 2022 a ofertante asina escrito, que dirixe ao museo, e se achega no expediente, polo cal declara que a obra ofrecida en doazón está libre de cargas, gravámenes, litixios ou calquera outra circunstancia que poidera afectar á propiedade da mesma ou o seu valor no momento de referencia.

**5. Informe xurídico favorable**

En data 12.04.22 a letrada-xefa de asesoramento xurídico Susana García Alvarez emite informe acerca de que o contido documental e tramitación do expediente cumpren co sinalado na lexislación patrimonial, sinalando que unha vez aceptada pola Xunta de Goberno local deberá asinarse a acta de entrega do ben que acreditará a efectiva entrega do ben, procederase a modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e tamén procederá e modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG.

Visto todo o cal, co informe favorable da letrada-xefa de asesoramento xurídico; coa conformidade do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Emprego; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA.-**

"Aceptar a doazón da obra "Retrato de Dª Edita Fernández" do pintor Fernando D'Oliveira, ofertada por ***493**A, cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de arte galega do Museo Municipal

"Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(607).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DE CONXUNTO NUMISMÁTICO DO REINADO DE FELIPE V E VI. EXPTE. 7026/337.**

Visto o informe xurídico 12/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2022, asinado polo director do Museo, polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

Con data 3 de maio de 2021 ***749**M presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, polo que oferta en doazón á cidade de Vigo un conxunto numismático de dúas moedas de ouro cuñadas no século XVIII nos reinados de Felipe V e Fernando VI. Acompaña a súa oferta con fotografías das pezas e unha declaración responsable pola cal manifesta que todas as pezas obxecto de doazón son da súa lexítima e única propiedade.

Na mesma data dase traslado da oferta ao museo municipal para a súa valoración e procedese a apertura do presente expediente 7026-337 para a súa resolución nos termos que proceda.

En data 03.03.22 o doante presenta nova declaración responsable pola que declara que os bens en doazón están libres de cargas, gravames, litixios ou calquera circunstancia que poidera afetar á súa propiedade ou valor no momento de referencia.

O director do Museo Municipal realiza visita técnica para valoración do conxunto numismático en doazón e en data 14.03.22 emite informe valorativo do seu interese histórico, que se inclúe no expediente, e cuxos elementos principais figuran no presente informe. Para emisión do seu informe o director conta, á falta de especialistas en numismática no museo, coa empresa especializada en expertización e valoración económica de bens culturais, Consultarte & Restaurarte S.L. que se contrata mediante o expediente 7066-337 e que realiza informe, que se inclúe no expediente, con data 20.12.21.

**1. Análise do conxunto numismático ofertado**

O conxunto numismático ofertado en doazón está formado por dúas moedas de oito escudos, ouro macizo, cuñadas nos reinados de Felipe V e Fernando VI; ambas en excelente estado de conservación.

**1.1. Moeda de ouro. Ceca de Sevilla. Reinado de Felipe V**





<u>Ficha técnica</u>

Obxecto:  Moeda. Onza u oito escudos de ouro

Autor: Ceca de Sevilla

Técnica/materia: Cuñaxe/ouro

Medidas: 38 mm. de diámetro. (Redonda)

Peso: 27 grs. Aprox.

Datación: 1732, Reinado de Felipe V

Estado de conservación: Excelente

**1.2. Moeda de ouro. Ceca de Lima. Reinado de Fernando VI**






Ficha técnica

Obxecto:  Moeda. Onza u oito escudos de ouro
Autor: Ceca de Lima
Técnica/materia: Cuñaxe/ouro
Medidas: 38 mm. de diámetro. (Redonda)
Peso: 27 grs. Aprox.
Datación: 1752, Reinado de Fernando VI
Estado de conservación: Moi bo

## 2. Interese do conxunto numismático ofertado para o museo municipal

O museo municipal de Vigo "Quiñones de León" posúe unha interesante e ampla colección numismática.

Na sección de arqueoloxía destaca a denominada colección Álvarez Blázquez formada polo ilustre investigador do museo durante o século pasado e consistente en 396 moedas, principalmente de época romana. No ánimo desta colección atopábase a creación dun «Gabinete Numismático» no museo que en propias palabras de Álvarez Blázquez, e do entón director do museo Ángel Ilarri, «[…] pudiera revestir carácter universal lo que facilitaría las adquisiciones y donaciones"[1]

A esta colección posteriormente sumáronse outros exemplos procedentes das diferentes intervencións arqueolóxicas levadas a cabo na cidade de Vigo, desde as últimas décadas do século pasado ata a actualidade; que se depositan no museo e que, en menor ou maior medida, traen asociadas moedas. Nestas achegas destacan pezas singulares como o *solidus* romano procedente da rúa Juan Ramón Jimenez; ou conxuntos de escavacións relevantes como a do Castro de Vigo ou da *Villa* romana de

1 A. Serodio, E. Méndez-Quintas: "La creación de la Sala de Arqueología del Museo Municipal de «Quiñones de León»". ACTAS DO V CONGRESO INTERNACIONAL DE HISTORIA D ARQUEOLOXÍA / IV JORNADAS DE HISTORIOGRAFÍA SEHA-MAN. 2018. P. 112

Toralla. De diferente natureza e procedencia, anque tamén de carácter arqueolóxico, son por último as máis de 400 moedas ingresadas no museo por incautación da Garda Civil en 2017.

De épocas posteriores, que encadrariamos en historia medieval, moderna ou contemporánea, son un amplo conxunto de pezas, as máis antigas castelás do século XIII, pero fundamentalmente dos seċulos XVIII, XIX e comezos do XX de diferentes países como Brasil, Marrocos, Inglaterra, México, Paraguai, Arxentina, Bélxica, Austria, Polonia, Israel, Portugal, etc.

A incorporación do conxunto ofertado, polo seu interese patrimonial e magnífico estado de conservación, acrecentaría sen dúbida o valor da colección numismática existente no museo vigués .

**3. Valoración económica da obra ofertada e outras consideracións**

En base ao informe presentado pola empresa Consultarte & Restaurarte S.L. establecese un valor económico para o conxunto ofertado en de 8.500 €.

Sendo o seu valor individual de:
1-1732, Reinado de Felipe V (Ceca Sevilla).....................................................4.000 euros
2-1752, Reinado de Fernando VI (Ceca Lima).................................................4.500 euros

As dúas moedas presentan un excelente estado de conservación.

En data 3 de marzo de 2022 o ofertante asina escrito, que dirixe ao museo, e se achega no expediente, polo cal declara que a obra ofrecida en doazón está libre de cargas, gravámenes, litixios ou calquera outra circunstancia que poidera afectar á propiedade da mesma ou o seu valor no momento de referencia.

No seu escrito de oferta de doazón de 3.05.21 Marcelino López Martínez-Morás expresaba o seu desexo de que na placa que acompañase a cada peza figurase o texto “Donado a la ciudad de Vigo por Marcelino López Martínez-Morás, a la memoria de Carmen Martínez-Morás Soria”. Engadía non obstante a continuación que “la donación de estas piezas no está condicionada por este deseo que solicito”.

A política actual do Concello de Vigo, e por ende do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, é rexeitar con caracter xeral calquera doazón condicionada á calquera requirimento por parte do doante (exposición permanente, acompañamento de lemas, etc...), polo cal non resulta posible a aceptación da vontade expresada polo doante, se ben o texto particular que aporta poderase incorporar á ficha de catalogación correspondente á cada peza e facerse público cando o museo ou o Concello de Vigo así o considere. Esta circunstancia comunicouselle ao doante que aceptouna sen inconveniente.

**4. Interese público da aceptación da doazón**

A Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia establece, no seu título I, art.3.3.a que é función dos museos “a adquisición, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos” A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, (...) de bens

patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural."

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha valiosa colección numismática, de carácter universal, con numerosos exemplos principalmente na súa sección de arqueoloxía pero tamén de épocas históricas posteriores comprendendo un amplo arco cronolóxico entre os séculos XIII e XX.

As moedas ofertadas posúen gran interese histórico e valor patrimonial; presentando un excelente estado de conservación.

Visto o cal valorase favorablemente a aceptación da doazón do conxunto numismático ofertado.

Queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón da obra ofertada en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal "Quiñones de Léon".

**5. Informe xurídico favorable**

En data 20.04.22 a letrada-xefa de asesoramento xurídico Susana García Alvarez emite informe acerca de que o contido documental e tramitación do expediente cumpren co sinalado na lexislación patrimonial, sinalando que unha vez aceptada pola Xunta de Goberno local deberá asinarse a acta de entrega dos bens que acreditará a efectiva entrega dos bens, procederase a modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e tamén procederá e modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG.

Visto todo o cal, co informe favorable da letrada-xefa de asesoramento xurídico; coa conformidade do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Emprego; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón do conxunto numismático ofertado en doazón por ***749**M, cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de numismática do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Concello de Vigo

**18(608).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN POLIGONO 2 FASE A, PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5275/401.**

Este expediente retírase da orde do día.

**19(609).- DAR CONTA DAS LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE TAXAS PARA A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO. EXPTE. 14468/407.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/07/2022, asinado pola técnica de Tesourería-Xestión de Ingresos da XMU, e polo xerente da XMU:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras, licenzas de actividades e instalacións e licenzas de cambio de titularidade non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.
En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidacións de taxas por licenzas cambio de titularidade

| | |
|---|---|
| Expediente 43719/422 (*****062W) | 46,15 euros |

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

| | |
|---|---|
| Expediente 91612/421 (B*****025) | 5.487,74 euros |
| Expediente 99180/421 (A*****414) | 368,79 euros |
| Expediente 98834/421 (B*****983) | 143,00 euros |
| Expediente 99028/421 (Q*****06H) | 151,41 euros |
| Expediente 98833/421 (B*****983) | 143,00 euros |
| Expediente 98827/421 (B*****983) | 143,00 euros |
| Expediente 87302/421 (H*****565) | 229,95 euros |
| Expediente 99286/421 (*****076B) | 124,20 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente 101037/421 (H*****886) | 383,19 euros |
| Expediente 93081/421 (*****567R) | 416,73 euros |
| Expediente 102130/421 (*****248N) | 37,07 euros |
| Expediente 101208/421 (B*****797) | 356,96 euros |
| Expediente 103037/421 (B*****106) | 58,57 euros |
| Expediente 103451/421 (Q*****00H) | 174,23 euros |
| Expediente 103234/421 (R*****36F) | 697,90 euros |
| Expediente 99184/421 (H*****710) | 172,05 euros |
| Expediente 100989/421 (*****645M) | 209,76 euros |
| Expediente 104919/421 (H*****351) | 454,96 euros |
| Expediente 102742/421 (*****445R) | 253,96 euros |
| Expediente 105437/421 (*****678L) | 47,50 euros |

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(610).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 9194/336.**
Visto o informe xurídico do 30/06/2022 e o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.-** A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 CSP), de data 11 de marzo de 2022**.**

**Segundo.-** Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022 e publicado no perfil de contratante.

**Terceiro.-** Consta no expediente a memoria económica de data 29 de xuño de 2022, que recolle:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

**Cuarto**.- Retención de crédito de data 25 de xaneiro de 2022 (operacións nº 202200008120 e 202200008121).

**Quinto.-** Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 25 de marzo de 2022.
**Sexto.-** Memoria xustificativa de data 24 de maio de 2022, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) .

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Polo valor estimado procede a súa tramitación mediante procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP).

- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)

- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.3g) LCSP).

- Xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2LCSP).

- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2a. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.**- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) .

**Quinto.**- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2a. 4 LCSP).

**ACORDO.-**

En base ao que antecede, proponse á **Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP)

para a **CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE:**

- **Casa da XUVENTUDE: Rúa López Mora 31, 36211.**
- **Centro de Usos Múltiples VIGOSÓNICO: Estrada do Portal s/n.**
- **Espazo de Lecer Infantil: Pavillón de deportes de Coia, Avda Castelao s/n.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Técnica de Xuventude e pola Concelleira Delegada de data 25 de marzo de 2022.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29 de xuño de 2022.

**Cuarto.**- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 26.245,54 €, sendo o importe correspondente ao 21% de IVE 4.555,01 €.

**Quinto.-** Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 3370.227.99.02 “Mantemento de aparataxe” segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | **Importe C/IVE** |
|---|---|
| 2022 | 6.561,39 € |
| 2023 | 13.122,77 € |
| 2024 | 6.561,38 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**S**exto- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO:**
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(611).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e catro minutos. Como secretaria dou fe.

JRB/rs-me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez